




2

MERCADO DE TRABAJO E RELACIÓNS LABORAIS

2.1.

Actividade, ocupación e desemprego

2.2.

Relacións laborais e formación

2.1.

Actividade, ocupación e desemprego

O maior dinamismo da economía galega ao longo do ano 2016 trasládase ao mercado de traballo ao presentar, en termos agregados, tanto unha medra da ocupación como un descenso do desemprego. Con todo, o incremento do 3,1% do PIB en Galicia non é quen de frear o descenso da poboación activa, que en 2016 foi do 0,4% respecto ao ano anterior, porcentaxe similar ao do conxunto do Estado.

No que atinxe á ocupación, as contas económicas de Galicia reflicten un crecemento interanual do 2,3% nos postos de traballo equivalente a tempo completo, porcentaxe similar ao estimado pola EPA no caso da poboación ocupada (23.400 ocupados máis), en tanto que as afiliacións en alta laboral á Seguridade Social medran un 1,7% (16.300 afiliacións máis). Estes datos positivos habería que matizalos tendo en conta que os devanditos tres indicadores da ocupación medran a un ritmo inferior á media estatal. Asemade, cómpre mencionar non só que no último ano continúa o aumento da taxa de temporalidade (26,2%), senón tamén que o número de contratos cunha duración inferior a unha semana representa 1/3 dos contratos rexistrados en Galicia.

A poboación parada estimada pola EPA descende no úl-

timo ano un 11,5% (28.000 parados menos) e o desemprego rexistrado no Servizo Público de Emprego, un 8,9% (20.900 persoas menos). Especialmente importante é o caída da poboación parada de longa duración estimada pola EPA, con 21.600 parados menos que no ano anterior (16,2%), así como a da poboación maior de 45 anos, onde o desemprego se reduce en 5.200 persoas (6,2%). Con todo, o paro de longa duración aínda representa máis da metade do paro galego (51,8%).

Tendo en conta a caída da poboación activa e o incremento da ocupación, a taxa de paro en Galicia descende no último ano ata o 17% (19,6% en España), máis de dous puntos inferior á estimada en 2015.

Afiliacións á Seguridade Social

O número medio de afiliacións en alta laboral na Seguridade Social volve a medrar en Galicia no ano 2016, acadando as 957.513 afiliacións de media ao mes, o que supón un incremento superior ás 16.200 afiliacións (1,7%) respecto ao ano anterior. Cómpre destacar que a este incremento contribúen positivamente os sectores industrial e servizos, rexistrando asemade as catro



Mercado de traballo 2008-16: principais indicadores

	2008	2013	2015	2016	16/15	16/08
	(en miles de persoas)				(%)	
Afiados á Seguridade Social	1.072,5	917,4	941,2	957,5	1,7	-10,7
Poboación maior 16 anos	2.401,1	2.382,3	2.358,2	2.349,8	-0,4	-2,1
Poboación activa	1.314,8	1.290,9	1.260,7	1.256,1	-0,4	-4,5
Poboación ocupada	1.201,2	1.006,4	1.017,2	1.040,6	2,3	-13,4
Poboación parada	113,6	284,6	243,4	215,4	-11,5	89,6
Poboación parada moi longa duración (1)	14,7	100,2	105,4	93,6	-11,2	537,8
	(%)				(puntos porcentuais)	
Taxa de actividade	54,8	54,2	53,5	53,5	-0,0	-1,3
Taxa de ocupación	50,0	42,2	43,1	44,3	1,2	-5,7
Taxa de paro	8,6	22,0	19,3	17,1	-2,2	8,5
Taxa de paro xuvenil (menores 25 anos)	21,1	49,9	43,6	40,3	-3,3	19,3
Taxa de temporalidade (%)	30,4	22,8	25,4	26,2	0,8	-4,2
	(en miles de persoas)				(%)	
Paro rexistrado	162,5	276,0	233,4	212,6	-8,9	30,8
Contratos iniciais indefinidos	46,4	31,5	40,7	42,7	5,1	-7,9
Contratos iniciais temporais	706,1	653,0	813,0	872,9	7,4	23,6
Contratos convertidos en indefinidos	41,7	22,3	24,2	28,5	17,9	-31,6

(1) máis de dous anos

Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do IGE e Ministerio de Empleo y Seguridad Social

2.1.1.

provincias galegas un incremento das afiliacións. No conxunto do Estado as afiliacións medraron un 3,0%, polo que o peso relativo das afiliacións galegas no total estatal redúcese ata o 5,4%, unha décima menos que en 2015.

A desagregación da afiliación segundo provincias reflicte novamente que a provincia de A Coruña foi onde máis se incrementou o número de afiliacións en termos absolutos, con 7.395 afiliacións máis en alta laboral na Seguridade Social, seguida da provincia de Pontevedra, con 6.607 máis. En termos relativos, as catro provincias presenta unha medra inferior á estatal (3,0%), rexistrándose as máis elevadas en Pontevedra e A Coruña, cun 2,0% e 1,8%, respectivamente. Tal e como se desprende do **cadro 2.1.2.**, a provincia de A Coruña acolle o 42,8% das afiliacións galegas fronte ao 34,4% de Pontevedra.

A capacidade de recuperación do emprego en Galicia, medida en termos do número medio de afiliacións ao mes, é inferior á do conxunto do Estado. Dos case 15 puntos perdidos nos anos da crise (2008-2013) a Comunidade galega tan só foi quen de recuperar 3,7 puntos fronte aos 6,7 en España. En termos absolutos, a perda de afiliacións acaecida nos anos de crise económica superou as 160.500 (5,7% do total estatal), recuperando dende entón case 40.200 afiliacións (3,2% do

total español). A provincia de Pontevedra foi a que sufriu o maior impacto da crise, cunha perda de 18,5 puntos porcentuais entre 2008 e 2013 (70.953 afiliacións menos) recuperando tan só 4,1 puntos ata o ano 2016 (15.816 afiliacións). No extremo oposto sitúase Ourense, onde o descenso foi de 12,4 puntos (case 14.000 afiliacións) e a recuperación de tan só 1,7 puntos (1.884 afiliacións).

Os sete grandes concellos galegos en termos de poboación (A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo) concentran o 37,1% das afiliacións en alta laboral ao sistema da Seguridade Social en Galicia a 31 de decembro de 2016, sendo Vigo, con 103.984 afiliacións (1.847 máis que na mesma data do ano anterior), e A Coruña, con 87.524 (1.460 máis que en 2015), os concellos onde residen un maior número de afiliacións. En relación ao mesmo mes do ano anterior, os sete concellos rexistran unha medra das afiliacións, sendo Pontevedra quen presenta a medra máis importante en termos relativos co 2,7% (724 afiliacións) por diante de Santiago de Compostela, co 2,1% (768 afiliacións).

No que atinxe á distribución segundo réxime de afiliación, no ano 2016 tres cuartas partes das afiliacións en alta laboral o están no réxime xeral e case 23 de cada

Afiliados en alta laboral na Seguridade Social en Galicia e España 2008-16 ⁽¹⁾

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España	Galicia /España
	(en miles de persoas)						(%)
2008	1.072,5	445,9	133,1	111,4	382,1	19.005,6	5,6
2009	1.034,5	433,5	129,4	108,6	362,9	18.020,5	5,7
2010	1.012,8	426,9	126,8	106,7	352,4	17.670,4	5,7
2011	985,9	417,2	124,3	104,4	340,1	17.433,2	5,7
2012	946,2	402,4	119,3	100,4	324,2	16.853,2	5,6
2013	917,4	391,2	114,8	98,0	313,4	16.299,5	5,6
2014	921,8	393,9	115,0	98,2	314,8	16.556,0	5,6
2015	941,2	402,6	116,8	99,2	322,6	17.087,3	5,5
2016	957,5	410,0	118,4	99,9	329,2	17.600,8	5,4
	(taxas de variación interanual)						
16/15	1,7	1,8	1,4	0,6	2,0	3,0	
16/08	-10,7	-8,1	-11,0	-10,3	-13,8	-7,4	

(1) datos anuais: en medias anuais; datos mensuais: último día de cada mes

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Afiliación de trabajadores a la Seguridad Social*

2.1.2.

Afiliados en alta laboral na Seguridade Social 2008-16 ⁽¹⁾: distribución segundo réxime

	2008	2013	2015	2016	16/15
					(%)
Total	1.077.918	917.355	941.192	957.515	1,7
Réxime Xeral (2)	790.747	681.384	702.741	719.915	2,4
agás S.E. Agrario e R.E.E. fogar	790.747	649.550	670.357	687.214	2,5
S.E. Agrario	-	4.455	4.857	5.157	6,2
S.E.E. Fogar	-	27.379	27.527	27.545	0,1
Réxime Especial Autónomos	236.669	213.870	217.546	216.421	-0,5
non S.E.T.A	..	182.686	188.965	189.337	0,2
S.E.T.A	..	31.184	28.581	27.084	-9,2
Réxime Especial Agrario	4.480	-	-	-	-
conta allea	4.480	-	-	-	-
conta propia	-	-	-	-	-
Réxime Especial do Mar	25.563	22.100	20.906	21.179	1,3
conta allea	14.385	12.469	11.852	11.725	-1,1
conta propia	11.178	9.632	9.054	9.454	4,4
Réxime Minería e Carbón	41	-	-	-	-
Réxime Especial Empleados Fogar	20.417	-	-	-	-
Continuos	12.332	-	-	-	-
Discontinuos	8.086	-	-	-	-

(1) medias anuais

(2) no 2012 o Réxime Xeral incorpora ao R.E. Agrario e ao R.E.E. Fogar (a extinguir)


Fonte: IGE, *Afiliacións á Seguridade Social*

2.1.3.

100, no réxime especial dos traballadores autónomos. En termos absolutos, as afiliacións ao réxime xeral ascenden a 719.915, o que supón un incremento de 17.174 respecto ao ano anterior (2,4%), descendendo lixeiramente no caso dos traballadores autónomos, que se sitúan nas 216.421 afiliacións, 1.125 menos que no ano precedente (0,5%). Como reflicte o **cadro 2.1.3.**, as afiliacións ao réxime especial do mar aumentan no último ano un 1,3% (273 afiliacións) para situarse nas 21.179.

Tal como se sinala anteriormente, o devandito incremento das afiliacións explícase polo comportamento da industria e os servizos. O **gráfico 2.1.4.** reflicte que o sector servizos, tras unha medra de case 14.900 afiliacións en alta laboral en relación ao ano anterior (2,2%), presenta unha situación mellor que antes da crise económica. Por contra, o conxunto das actividades da construción, tras un descenso de 1% (735 afiliacións menos), é o sector que presenta a maior perda de afiliacións en relación ao ano 2008. Asemade, o sec-

Afiliacións á Seguridade Social 2009-16 ⁽¹⁾: distribución segundo sectores de actividade



(1) taxas de variación das medias anuais CNAE 2009
Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social

2.1.4.

Afiliacións á Seguridade Social 2015-16: distribución segundo principais ramas de actividade ⁽¹⁾

	2015		2016		16/15
	(número)	(%)	(número)	(%)	(%)
47 Comercio ao retalho, salvo vehículos de motor e motocicletas	105.644	11,3	107.029	11,2	1,3
56 Servizos de comidas e bebidas	63.084	6,7	64.430	6,8	2,1
86 Actividades sanitarias	56.870	6,1	58.147	6,1	2,2
84 Administración pública e defensa; Seg. Social obrigatoria	55.444	5,9	55.766	5,8	0,6
46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	46.163	4,9	46.936	4,9	1,7
43 Actividades de construción especializada	45.632	4,9	45.800	4,8	0,4
85 Educación	39.204	4,2	40.743	4,3	3,9
01 Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	39.677	4,2	38.544	4,0	-2,9
49 Transporte terrestre e por tubaxe	30.337	3,2	30.947	3,2	2,0
10 Industria da alimentación	27.800	3,0	28.753	3,0	3,4
97 Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	28.074	3,0	28.052	2,9	-0,1
81 Servizos a edificios e actividades de xardinería	24.955	2,7	25.501	2,7	2,2
41 Construción de edificios	23.504	2,5	22.815	2,4	-2,9
45 Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	21.057	2,2	21.450	2,2	1,9
03 Pesca e acuicultura	18.811	2,0	18.821	2,0	0,1
96 Outros servizos persoais	17.950	1,9	18.385	1,9	2,4
25 Fabricación de produtos metálicos, salvo maquinaria e equipamento	14.007	1,5	14.706	1,5	5,0
29 Fabricación vehículos e motor, remolques e semirremolques	13.441	1,4	13.654	1,4	1,6
69 Actividades xurídicas e de contabilidade	13.368	1,4	13.495	1,4	1,0
82 Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas	11.551	1,2	12.082	1,3	4,6
88 Actividades de servizos sociais sen aloxamento	10.982	1,2	11.947	1,3	8,8
71 Servizos técnicos de arquitectura e enerxía, ensaios e análises técnicas	10.780	1,1	11.024	1,2	2,3
87 Asistencia en establecementos residenciais	10.058	1,1	10.526	1,1	4,7
78 Actividades relacionadas co emprego	9.391	1,0	10.492	1,1	11,7
52 Almacenamento e actividades anexas ao transporte	10.095	1,1	10.477	1,1	3,8
Subtotal (ramas con máis de 10.000 afiliacións en 2016)	747.879	79,8	760.522	79,7	1,7
Total	937.414	100	953.775	100	1,7

(1) ramas CNAE 2009;
Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social

2.1.5.

tor primario é o único sector que mantén unha redución de afiliacións ano tras ano, situándose esta caída no 1,6% no a no 2016.

Tras esta evolución, o sector servizos acolle o 71,5% das afiliacións galegas (682.330 afiliacións), seguido polo sector industrial, con 136.523 (14,3%), e a construción, con case 72.700 (7,6%). O sector primario supera as 61.000 afiliacións en alta na Seguridade Social, o que representa o 6,4% do total en Galicia.

Atendendo á desagregación segundo ramas de actividade, aquelas que no ano 2016 teñen máis de 10.000 afiliados acollen en conxunto o 79,7% da afiliación en Galicia. O **cadro 2.1.5.** reflicte que en termos absolutos a “educación” é a rama de actividade que rexistra o maior incremento en relación ao ano anterior, con 1.539 afiliacións máis, seguido polas actividades de “comercio ao retallo, salvo vehículos de motor e motocicletas” e “servizos de comidas e bebidas”, con case 1.400 afiliacións máis, e as “actividades sanitarias”, cunha medra de case 1.300 afiliacións. Por contra, salientan as caídas na afiliación na “agricultura, gandería, caza e servizos relacionados”, con 1.133 afiliacións menos, e na “construción de edificios”, con case 700 afiliacións menos.

Emprego segundo a EPA

A Enquisa de Poboación Activa en Galicia consolida no ano 2016 un cambio no panorama xeral do emprego, ao medrar por segundo ano consecutivo a poboación ocupada, ao tempo que se reduce a poboación parada. Non obstante, esta recuperación segue condicionada pola redución da poboación activa, así como pola temporalidade na contratación e a curta duración dos contratos.

• Poboación activa

Ao longo do último ano a poboación activa galega experimenta unha nova redución, se ben esta caída é significativamente inferior á rexistrada nos anos anteriores. Tras un descenso de 4.600 persoas respecto ao ano anterior (0,4%), o número de activos en Galicia sitúase en 1.256.100 persoas, dos que 657.800 son homes e as restantes 598.300 persoas, mulleres. O devandito descenso prodúcese tanto no caso dos homes

como das mulleres e concéntrase na poboación menor de 44 anos, especialmente no grupo de idade de 25 a 34 anos.

Atendendo á evolución dende o ano 2008, a poboación activa galega non só descende no período de crise senón tamén no da recuperación económica. Entre os anos 2008 e 2013 o número de activos descendeu en 23.900 persoas (1,8%) sendo esta caída máis acusada entre ese ano e o 2016, con 32.500 activos menos (2,7%). Entre os dous extremos da serie a poboación activa reduciuse un 4,5% (51.300 persoas), catro veces por riba do estimado para o conxunto do Estado. Se se considera a desagregación segundo sexos, tanto os homes como as mulleres presentan unha evolución peor que a media estatal, rexistrándose entre os anos 2008 e 2016 unha caída da poboación activa masculina do 9,3% en Galicia (67.800 activos menos) fronte ao 6,9% de media en España, mentres que no caso das mulleres a poboación activa medra un 1,6% (9.200 activos máis) fronte aos 6,7% no Estado.

O devandito descenso da poboación activa concéntrase basicamente na poboación cunha idade comprendida entre os 25 e 34 anos. Tendo en conta a estrutura e a evolución demográfica galega, o número de activos nesta franxa de idade descende no último ano en máis de 16.000 persoas, o que representa un descenso do 5,9% en relación ao ano anterior. Asemade, a poboación activa menor de 24 anos redúcese en 2.000 persoas (3,1%) permanecendo practicamente constante no caso das persoas de 35 a 44 anos. Por contra, a poboación activa só aumenta entre as persoas maiores de 45 anos, sendo esta medra de case 8.000 activos entre os maiores de 55 anos (3,9%) e 6.000 nos activos de 45 a 54 anos (1,8%).

No que se refire á súa nacionalidade, o **cadro 2.1.7.** reflicte que o descenso da poboación activa en Galicia no ano 2016 ven explicado fundamentalmente pola caída das persoas de nacionalidade española, con 4.400 activos menos de residentes españois fronte ás 100 persoas menos de nacionalidade estranxeira. Por contra, no conxunto do Estado a caída da poboación activa estranxeira explica o 45% do descenso estimado no último ano. Non obstante, a desagregación segundo sexos amosa que o descenso da poboación activa feminina en Galicia explícase pola caída de activos de na-

Poboación maior de 16 anos en Galicia e España 2016: distribución segundo sexo e a súa relación coa actividade económica

Ámbolos dous sexos

	Poboación > 16 anos	Activos	Poboación ocupada	Poboación parada	Parados que xa traballaron	Parados que buscan primeiro emprego	Poboación inactiva	Taxa actividade	Taxa ocupación	Taxa paro
	(en miles de persoas)							(%)		
Galicia	2.349,8	1.256,1	1.040,6	215,4	196,0	19,4	1.093,7	53,5	44,3	17,1
A Coruña	970,4	532,0	450,0	82,0	75,1	6,9	438,4	54,8	46,4	15,4
Lugo	296,6	154,6	131,7	22,9	20,8	2,1	142,0	52,1	44,4	14,8
Ourense	276,6	132,7	106,8	25,9	22,8	3,1	143,8	48,0	38,6	19,5
Pontevedra	806,3	436,8	352,2	84,7	77,3	7,4	369,5	54,2	43,7	19,4
España	38.531,5	22.822,7	18.341,6	4.481,2		451,4	15.708,8	59,2	47,6	19,6
	(%)									
Galicia / España	6,1	5,5	5,7	4,8		4,3	7,0			
16/15										
Galicia	-0,4	-0,4	2,3	-11,5	-11,0	-16,0	-0,3			
España	0,1	-0,4	2,7	-11,4		-15,5	0,9			

Homes

	Poboación > 16 anos	Activos	Poboación ocupada	Poboación parada	Parados que xa traballaron	Parados que buscan primeiro emprego	Poboación inactiva	Taxa actividade	Taxa ocupación	Taxa paro
	(en miles de persoas)							(%)		
Galicia	1.124,8	657,8	549,0	108,8	100,2	8,6	467,1	58,5	48,8	16,5
A Coruña	461,9	276,0	236,0	40,0	37,6	2,4	185,9	59,8	51,1	14,5
Lugo	143,3	81,2	69,8	11,4	10,6	0,8	62,0	56,7	48,7	14,0
Ourense	132,7	68,4	55,4	13,0	11,5	1,5	64,3	51,5	41,7	19,0
Pontevedra	387,0	232,2	187,8	44,4	40,4	4,0	154,8	60,0	48,5	19,1
España	18.754,1	12.213,8	10.000,8	2.213,0		194,9	6.540,3	65,1	53,3	18,1
	(%)									
Galicia / España	6,0	5,4	5,5	4,9		4,4	7,1			
16/15										
Galicia	-0,4	-0,6	2,0	-11,8	-10,9	-21,8	-0,1			
España	0,0	-0,9	2,5	-13,5		-21,7	1,7			

Mulleres

	Poboación > 16 anos	Activos	Poboación ocupada	Poboación parada	Parados que xa traballaron	Parados que buscan primeiro emprego	Poboación inactiva	Taxa actividade	Taxa ocupación	Taxa paro
	(en miles de persoas)							(%)		
Galicia	1.225,0	598,3	491,7	106,6	95,8	10,9	626,7	48,8	40,1	17,8
A Coruña	508,5	256,0	214,0	42,0	37,5	4,5	252,5	50,3	42,1	16,4
Lugo	153,3	73,3	61,9	11,5	10,1	1,3	80,0	47,8	40,4	15,7
Ourense	143,8	64,3	51,4	12,9	11,3	1,7	79,5	44,7	35,7	20,1
Pontevedra	419,3	204,7	164,4	40,3	36,9	3,4	214,7	48,8	39,2	19,7
España	19.777,5	10.608,9	8.340,8	2.268,2		256,5	9.168,6	53,6	42,2	21,4
	(%)									
Galicia / España	6,2	5,6	5,9	4,7		4,3	6,8			
16/15										
Galicia	-0,3	-0,1	2,7	-11,2	-11,2	-9,9	-0,5			
España	0,2	0,1	2,9	-9,2		-10,1	0,3			

Fonte: INE-IGE, EPA

2.1.6.

cionalidade española (1.800 mulleres menos), estimándose unha medra no caso das estranxeiras (1.000 mulleres máis).

No concernente á **taxa de actividade**, que reflicte a participación laboral da poboación maior de 16 anos, o **gráfico 2.1.8.** amosa que esta se mantén no ano 2016 no 53,5%, sendo esta porcentaxe case seis puntos inferior á media estatal (59,2%). Esta taxa é inferior tanto á

estimada para o ano 2008, ano no que comeza a crise económica (54,8%), como á de 2013, cando a economía galega sae da recesión económica (54,2%). A devandita redución prodúcese a pesar do descenso da poboación maior de 16 anos (2,1% menos en 2015 en relación á rexistrada en 2008), xa que a caída da poboación activa no mesmo período ten unha maior intensidade (4,5%).

Finalmente, no que aos **fluxos de poboación activa** se

Poboación activa en Galicia e España 2008-16: distribución segundo nacionalidade e sexo

	2008	2014	Total 2015	2016	16/08
Total			(en miles de persoas)		(%)
España	23.065,6	22.954,6	22.922,0	22.822,7	-1,1
Galicia	1.314,8	1.273,9	1.260,7	1.256,1	-4,5
Homes					
España	13.124,8	12.359,2	12.319,6	12.213,8	-6,9
Galicia	725,6	668,9	661,6	657,8	-9,3
Mulleres					
España	9.940,8	10.595,5	10.602,4	10.608,9	6,7
Galicia	589,1	605,0	599,1	598,3	1,6


	2008	2014	Españois 2015	2016	16/08
Total			(en miles de persoas)		(%)
España	19.628,5	20.138,0	20.177,4	20.123,0	2,5
Galicia	1.253,1	1.214,8	1.206,6	1.202,2	-4,1
Homes					
España	11.209,2	10.885,8	10.887,8	10.798,8	-3,7
Galicia	694,4	638,3	634,8	632,2	-9,0
Mulleres					
España	8.419,4	9.252,3	9.289,7	9.324,2	10,7
Galicia	558,7	576,6	571,8	570,0	2,0

	2008	2014	Estranxeiros 2015	2016	16/08
Total			(en miles de persoas)		(%)
España	3.437,1	2.816,5	2.744,6	2.699,8	-21,5
Galicia	61,7	59,0	54,0	53,9	-12,7
Homes					
España	1.915,6	1.473,4	1.431,9	1.415,1	-26,1
Galicia	31,2	30,6	26,8	25,6	-17,9
Mulleres					
España	1.521,4	1.343,2	1.312,7	1.284,7	-15,6
Galicia	30,4	28,4	27,3	28,3	-7,1

Fonte: INE, EPA

2.1.7.

Taxas de actividade en Galicia e España 2008-16: distribución segundo sexos



Fonte: INE, EPA

2.1.8.

refire, cómpre mencionar que no ano 2016 continúa o descenso do número de persoas que entran na actividade. No último ano pasaron a formar parte da poboación activa galega un total de 59.200 persoas, o que supón 2.900 menos que no ano anterior. Pola súa banda, a diferenza do acontecido nos dous últimos anos, en 2016 aumenta o número de persoas que abandonaron ese colectivo ata as 61.000 persoas, 1.400 máis que no ano anterior. Deste xeito, o saldo entre as entradas e saídas da actividade presenta un saldo negativo de 1.900 persoas (nos anos 2013 e 2014 o saldo era positivo).

Antes de analizar máis polo miúdo a poboación ocupada e parada en Galicia, cómpre facer mención aos fluxos de entrada e saída da ocupación e do paro segundo a información recollida na *Estatística de fluxos da poboación activa*. Dunha banda, no que atinxe á ocupación, a Comunidade Autónoma galega presenta un saldo positivo nos tres últimos anos, se ben este é a metade do rexistrado no ano anterior: 4.800 empregos en 2016 fronte aos 9.500 do ano precedente. A taxa de creación de emprego, entendida como o cociente entre o número de persoas que accederon a un emprego no ano actual e o número de ocupados no ano anterior, sitúase en Galicia no 6,0% fronte ao 7,3% no conxunto do Estado.

Doutra banda, os fluxos de paro presentan nos últimos tres anos un saldo negativo, sendo en 2016 de -7.000 persoas, o máis elevado dos tres anos. No último ano saíron do paro un total de 80.700 persoas en tanto que entran no desemprego 73.000 persoas. A taxa de destrución de emprego en Galicia sitúase no 5,5%, a máis baixa dos últimos seis anos.

• Poboación ocupada

O crecemento do 3,1% do PIB galego tradúcese nun novo incremento da ocupación estimada pola EPA, que se sitúa en 1.040.600 ocupados, 23.400 máis que no ano anterior, cifra aínda inferior á estimada en 2012. En termos porcentuais, a taxa de variación da poboación sitúase no 2,3%, catro décimas máis que no ano anterior. Tras esta evolución, o peso relativo da poboación ocupada galega no total estatal mantense no 5,7%. Este incremento caracterízase por afectar tanto aos homes como ás mulleres, concen-

trándose nas persoas con maior nivel formativo, nos maiores de 35 anos e nas persoas de nacionalidade española.

A diferenza do acontecido no ano anterior, o incremento da poboación ocupada entre as mulleres é superior á dos homes. Das devanditas 23.400 persoas ocupadas máis no último ano en Galicia, 12.600 son mulleres, o que supón un aumento do 2,6% na ocupación feminina fronte ao 2,3% de aumento na poboación ocupada masculina (10.800 persoas). No ano 2016 a taxa de ocupación, entendida como o cociente entre o número de ocupados e a poboación en idade de traballar, aumenta ata o 44,3% (43,1% no ano anterior). Esta taxa ascende a 48,8% no caso dos homes, máis de oito puntos e medio superior á estimada para a ocupación feminina (40,1%).

Tanto no caso dos homes como das mulleres os incrementos de ocupación concéntranse no grupo de persoas maiores de 35 anos, sendo a franxa de idade de 45 a 54 anos a que presenta o maior incremento en termos absolutos. Por contra, a ocupación descende en ambos os dous casos nas persoas con idades comprendidas entre 25 a 34 anos, con case 5.000 ocupados menos (2.800 homes menos e 2.200 mulleres menos que no ano anterior) (**cadro 2.1.9.**).

O grupo de idade cun maior aumento en termos absolutos na súa ocupación, con 9.800 ocupados máis, foi o das persoas de 45 a 54 anos, seguido dos maiores de 55 anos, con 9.200 persoas ocupadas máis, e do colectivo de 35 a 44 anos, con 8.500 ocupados máis. No caso da poboación ocupada de sexo feminino, o descenso prodúcese tanto nas persoas con idades de 25 a 34 anos como nos menores de 25, a diferenza do acontecido no caso dos homes onde a caída rexístrase entre as persoas de 25 a 34 anos.

A nivel sectorial, os dous aspectos máis salientables son o forte incremento da ocupación experimentado no sector primario e o descenso da poboación ocupada na construción. Asemade, aumenta a ocupación na industria e no sector servizos. En relación ás variacións medias de ocupación no Estado, tan só o sector primario presenta un mellor comportamento, sendo os incrementos de ocupación na industria e nos servizos inferiores en Galicia.

Poboación maior de 16 anos 2015-16: distribución segundo sexo, idade e a súa relación coa actividade económica

	2015			2016			16/15			Galicia / España 2016		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
	(en miles de persoas)						(%)					
Total												
Total	2.358,2	1.129,0	1.229,2	2.349,8	1.124,9	1.225,0	-0,4	-0,4	-0,3	6,1	6,0	6,2
Activos	1.260,7	661,6	599,1	1.256,1	657,8	598,3	-0,4	-0,6	-0,1	5,5	5,4	5,6
Poboación ocupada	1.017,2	538,2	479,1	1.040,7	549,0	491,7	2,3	2,0	2,6	5,7	5,5	5,9
Poboación parada	243,4	123,4	120,1	215,4	108,8	106,7	-11,5	-11,8	-11,2	4,8	4,9	4,7
Parados que xa traballaron	220,3	112,4	107,9	196,0	100,2	95,8	-11,0	-10,9	-11,2	-	-	-
Parados que buscan 1º emprego	23,1	11,0	12,1	19,4	8,6	10,9	-16,0	-21,9	-9,9	4,3	4,4	4,2
Poboación inactiva	1.097,5	467,4	630,1	1.093,7	467,1	626,7	-0,3	-0,1	-0,5	7,0	7,1	6,8
16-19 anos												
Total	83,2	42,9	40,3	83,7	43,3	40,5	0,6	0,8	0,4	4,8	4,8	4,8
Activos	7,9	4,7	3,2	6,7	3,5	3,2	-15,8	-25,7	-0,8	2,8	2,5	3,1
Poboación ocupada	2,9	1,6	1,3	2,9	1,6	1,2	-1,7	4,8	-3,9	3,0	2,9	3,1
Poboación parada	5,1	3,1	2,0	3,8	1,9	2,0	-25,1	-40,8	0,0	2,6	2,3	3,1
Parados que xa traballaron	1,4	0,7	0,7	1,1	0,5	0,6	-21,4	-28,6	-14,3	-	-	-
Parados que buscan 1º emprego	3,7	2,4	1,3	2,7	1,3	1,4	-26,7	-44,8	7,8	2,8	2,5	3,1
Poboación inactiva	75,2	38,2	37,1	77,1	39,8	37,3	2,5	4,1	0,6	5,1	5,2	5,0
20-24 anos												
Total	117,1	59,8	57,3	113,2	57,8	55,4	-3,3	-3,3	-3,4	5,0	5,1	5,0
Activos	56,2	29,5	26,7	55,4	30,5	24,9	-1,3	3,6	-6,7	4,5	4,6	4,3
Poboación ocupada	33,4	17,0	16,4	34,2	19,1	15,2	2,5	12,2	-7,3	4,7	4,9	4,5
Poboación parada	22,8	12,5	10,3	21,3	11,5	9,8	-6,8	-8,2	-5,6	4,1	4,3	4,0
Parados que xa traballaron	12,8	6,8	6,0	13,2	7,2	6,1	3,1	5,9	1,7	-	-	-
Parados que buscan 1º emprego	10,0	5,7	4,4	8,0	4,3	3,7	-20,4	-24,3	-15,5	4,2	4,6	3,8
Poboación inactiva	60,9	30,3	30,6	57,7	27,3	30,4	-5,3	-10,0	-0,6	5,7	5,6	5,8
25-54 anos												
Total	1.160,2	578,6	581,6	1.140,5	568,5	572,0	-1,7	-1,7	-1,6	5,6	5,6	5,6
Activos	991,9	519,8	472,1	981,4	513,8	467,7	-1,1	-1,2	-0,9	5,5	5,4	5,6
Poboación ocupada	804,7	428,9	375,9	818,0	434,1	384,0	1,7	1,2	2,2	5,6	5,5	5,8
Poboación parada	187,1	91,0	96,2	163,4	79,7	83,7	-12,7	-12,4	-13,0	5,0	5,2	4,9
Parados que xa traballaron	178,0	88,1	90,2	155,0	76,8	78,1	-12,9	-12,8	-13,4	-	-	-
Parados que buscan 1º emprego	9,1	3,0	6,1	8,5	3,0	5,5	-6,9	-0,8	-9,8	5,4	6,2	5,1
Poboación inactiva	168,3	58,8	109,6	159,1	54,7	104,4	-5,5	-6,9	-4,7	6,2	7,1	5,8
≥ 55 anos												
Total	997,8	447,8	550,0	1.012,4	455,4	557,1	1,5	1,7	1,3	7,2	7,0	7,3
Activos	204,8	107,7	97,1	212,6	110,1	102,5	3,8	2,2	5,6	6,0	5,6	6,5
Poboación ocupada	176,3	90,8	85,5	185,5	94,3	91,3	5,2	3,8	6,7	6,3	5,8	7,0
Poboación parada	28,5	16,9	11,6	27,1	15,8	11,2	-4,9	-6,2	-3,0	4,7	5,0	4,3
Parados que xa traballaron	28,1	16,8	11,2	26,8	15,8	10,9	-4,6	-6,0	-2,7	-	-	-
Parados que buscan 1º emprego	0,4	-	0,4	0,3	-	0,3	-20,0	-	-20,0	3,9	-	4,2
Poboación inactiva	793,0	340,1	452,9	799,9	345,3	454,6	0,9	1,5	0,4	7,5	7,6	7,5

Fonte: IGE, EPA

2.1.9.

A ocupación no sector agrario racha en 2016 a tendencia decrecente dos últimos anos ao medrar un 12% en Galicia en relación ao ano anterior, o que supón un incremento de 7.700 persoas ocupadas. A diferenza do acontecido no ano anterior, tanto as ramas de actividade agraria como a pesqueira experimentaron unha medra da ocupación, sendo este aumento de 3.600 e 4.100 persoas, respectivamente. Tras este incremento, o sector primario acolle en Galicia un total de 71.400 persoas, o que representa o 9,2% do total estatal, seis décimas máis que no ano precedente. Dende o comezo da crise, a

perda acumulada da supera as 25.000 persoas, o 26% do emprego estimado en 2008 (cadro 2.1.11.).

No que atinxe á actividade da construción, o sector retoma a tendencia descendente da ocupación rachada o ano anterior, ao estimarse unha caída de 1.700 persoas en relación ao ano anterior (2,4%). O sector da construción en Galicia acolle no último ano un total de 71.900 empregos, o 6,7% do total estatal. Coa excepción do ano 2015, o sector presenta unha continuada caída dende o comezo da crise, de xeito que a ocupa-

Poboación ocupada en Galicia e España 2016: distribución segundo sectores económicos, situación profesional, ocupación, idade e nivel de formación acadado

	Galicia			Galicia/España			Galicia 16/15		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
	(en miles de persoas)			(%)					
Total	549,0	491,7	1.040,7	5,5	5,9	5,7	2,0	2,6	2,3
Sectores económicos									
Agricultura	44,9	26,5	71,4	7,5	14,8	9,2	10,1	15,5	12,0
Industria	114,6	47,3	161,9	6,0	7,6	6,4	-0,6	6,8	1,5
Construción	65,8	6,1	71,9	6,6	7,2	6,7	-3,7	15,7	-2,3
Servizos	323,7	411,8	735,6	5,0	5,5	5,3	3,2	1,3	2,1
Situación profesional									
Traballadores por conta propia	132,0	90,2	222,2	6,5	8,5	7,2	-0,1	6,5	2,5
Empregador	42,5	22,2	64,7	6,8	7,9	7,1	-4,5	-9,0	-6,0
Empresarios sen asalariados	84,8	65,3	150,1	6,2	9,0	7,2	2,4	14,5	7,3
Membros cooperativas	1,3	0,5	1,7	7,2	5,5	6,5	75,9	58,3	61,9
Axuda na empresa ou negocio familiar	3,5	2,2	5,7	8,7	4,6	6,4	-15,3	-23,9	-18,4
Asalariados	416,6	401,3	817,9	5,2	5,5	5,4	2,6	1,8	2,2
Sector público	79,6	103,2	182,8	5,9	6,3	6,1	-1,1	2,7	1,0
Sector privado	337,0	298,0	635,0	5,1	5,3	5,2	3,5	1,5	2,6
Outra situación	0,4	0,2	0,6	12,2	8,5	9,3			
Ocupación									
Directores e xerentes	25,9	10,0	35,9	5,0	4,3	4,8	-0,6	-17,3	-5,7
Técnicos e profesionais científicos e intelect.	70,3	105,4	175,7	4,9	5,7	5,4	-2,3	5,5	2,2
Técnicos e profesionais de apoio	68,4	37,1	105,5	5,7	4,9	5,4	5,7	11,2	7,5
Empregados contables, admons. e outros empregados ofic.	29,9	64,8	94,7	4,8	5,4	5,2	10,3	4,1	6,0
Trab. servizos restaur., persoais, protecc. vend. comerc.	82,8	154,0	236,8	4,8	6,2	5,7	2,7	2,0	2,2
Trab. cualificado no sector primario	33,6	23,1	56,7	9,4	27,8	12,9	12,8	15,2	13,8
Trab. cualif. ind. manufact. construcc., minaría, agás operad.	120,1	14,9	135,1	6,3	9,4	6,5	-3,9	-2,0	-3,6
Operadores	74,2	14,1	88,2	6,1	8,0	6,4	3,1	-7,1	1,3
Ocupacións elementais	39,3	67,3	106,6	4,0	4,8	4,5	7,1	-3,1	0,4
Ocupacións militares	4,7	1,0	5,6	5,9	12,2	6,4	5,6	65,2	11,9
Grupos de idade									
16-19 anos	1,6	1,2	2,9	2,9	3,1	3,0	4,8	-3,9	-1,7
20-24 anos	19,1	15,2	34,2	4,9	4,5	4,7	12,2	-7,3	2,5
25-34 anos	105,8	97,4	203,2	5,3	5,4	5,4	-2,6	-2,2	-2,4
35-44 anos	175,3	154,2	329,5	5,6	5,8	5,7	2,0	3,3	2,6
45-54 anos	153,0	132,4	285,4	5,5	5,9	5,7	3,1	4,2	3,6
55 e máis anos	94,3	91,3	185,5	5,8	7,0	6,3	3,8	6,7	5,2
Nivel de formación acadado (1)									
Analfabetos	0,5	0,4	0,8	1,8	2,1	1,9	-60,0	275,0	-30,4
Educación primaria	27,8	20,2	48,2	3,9	4,6	4,2	-8,8	-22,0	-14,6
Educación secundaria	320,5	235,5	556,0	5,8	6,1	5,9	3,8	2,2	3,1
Educación superior	200,1	235,6	435,7	5,4	5,9	5,6	1,2	5,8	3,6

(1) Educación primaria inclúe estudos primarios incompletos, Educación secundaria inclúe 1ª etapa, 2ª etapa orientación xeral e profesional, e Educación superior inclúe doutorado
Fonte: INE, EPA

2.1.10.

ción de 2016 representa o 53,5% da estimada en 2008 (43,7% no conxunto do Estado).

Por segundo ano consecutivo o sector industrial incrementa o seu número de persoas ocupadas, se ben no último ano a un ritmo inferior ao do conxunto de Galicia. Tras unha medra de 2.400 persoas, un 1,5% respecto a 2015, a Comunidade Autónoma conta con 161.900 persoas ocupadas na industria, o 15,6% da ocupación total galega. A pesar da recuperación do emprego industrial nos dous últimos ano (5.300 persoas),


o sector perdeu dende o ano 2008 un total de 53.200 persoas, case a cuarta parte do emprego naquel ano.

Cómpre destacar o incremento da industria manufacturera, que emprega no último ano un total de 147.300 persoas, 2.400 máis que no ano precedente (1,7%). O emprego nesta rama de actividade representa o 14,1% do emprego total de Galicia, dous puntos porcentuais menos que antes da crise económica. Con todo, esta porcentaxe é sensiblemente superior á media española, que se sitúa no 12,5% no último ano.

Poboación ocupada en Galicia e España 2008-16: distribución segundo sector

	Galicia				España			
	agricultura	industria	construción	servizos	agricultura	industria	construción	servizos
(en miles de persoas)								
2008	96,6	215,1	134,2	755,4	828,2	3.236,7	2.459,9	13.945,0
2009	94,8	195,7	116,3	748,6	788,1	2.807,6	1.889,8	13.621,4
2010	88,3	172,7	104,9	738,7	786,1	2.650,5	1.651,4	13.636,6
2011	83,5	176,4	91,3	738,1	755,3	2.604,7	1.403,9	13.657,6
2012	79,5	164,9	79,3	723,4	743,4	2.483,7	1.161,3	13.244,2
2013	74,4	153,3	69,3	709,4	736,6	2.355,5	1.029,5	13.017,5
2014	66,1	154,0	67,1	710,7	735,8	2.379,9	993,5	13.234,9
2015	63,7	159,5	73,6	720,4	736,8	2.482,3	1.073,7	13.573,3
2016	71,4	161,9	71,9	735,6	774,5	2.522,2	1.073,9	13.971,0
I	66,7	157,9	73,4	723,2	777,4	2.481,4	1.031,7	13.739,2
II	68,0	158,0	71,9	736,2	760,2	2.497,1	1.077,2	13.966,5
III	73,5	166,2	71,9	746,3	743,8	2.531,3	1.107,2	14.145,2
IV	77,4	165,5	70,2	736,5	816,7	2.579,1	1.079,3	14.032,9
2016-08 (%)	-26,0	-24,7	-46,5	-2,6	-6,5	-22,1	-56,3	0,2

(taxas de variación interanuais)



Fonte: INE, EPA

2.1.11.

Finalmente, no que atinxe ao sector servizos, o ano 2016 rexistrou un total de 735.600 persoas, o que supón un novo incremento na ocupación tras o experimentado nos dous anos anteriores, con 15.200 persoas máis, un 2,1%. No período de crise económica, entre os anos 2008 e 2013, o sector servizos perde un total de 46.000 persoas, o 23,6% do emprego perdido entre eses dous anos, recuperándose a partir de entón máis de 26.000 empregos, tres cuartas partes do emprego creado en Galicia. Con todo, cómpre destacar unha diferenza significativa con respecto á evolución experimentada no conxunto do Estado: a poboación ocupada no sector en España é xa superior á de 2008.

Neste sector, o maior incremento de emprego en ter-

mos absolutos corresponde ás “actividades relacionadas co comercio, reparación de vehículos de motor e motocicletas, transporte e almacenamento e hostalería”, con 6.400 ocupados máis que no ano anterior (2,3%). Entre os anos 2008 e 2016 as devanditas actividades perderon 28.800 empregos (-9,1%), seguidas polas “actividades financeiras e de seguros”, con 7.200 persoas menos (28,1%).

Atendendo á desagregación segundo a situación profesional, o ano 2016 caracterízase, a diferenza do ano anterior, por unha medra do número de traballadores por conta propia. Tras un incremento de 5.500 persoas en relación ao ano anterior (2,5%), en Galicia hai 222.200 traballadores por conta propia, o que repre-

senta o 21,4% da poboación ocupada en Galicia. A importancia relativa destes traballadores en comparación coa media estatal ponse de manifesto no feito de que o seu peso non só é moi superior á media española (16,9%) senón que tan só é superada por Castela e León, co 21,5% en 2016.

A devandita evolución das persoas que traballan por conta propia explícase na súa totalidade polo incremento estimado no caso das mulleres (6,6%), permanecendo constante o número de homes ocupados por conta propia. Tanto nos homes como nas mulleres, no último ano descende o número de empresarios con asalariados (2.000 e 2.200 persoas menos, respectivamente), aumentando o dos traballadores independentes ou empresarios sen asalariados (2.000 homes e 8.300 mulleres ocupadas máis).

No que respecta aos asalariados, no último ano incrementábase un 2,2% o seu número, aumento causado tanto polo incremento das persoas asalariadas no sector público (1.800 máis) como especialmente no sector privado (15.900 asalariados máis). No ano 2016 o número de asalariados situouse nas 817.900 persoas, 17.700 máis que no ano anterior.

Atendendo á desagregación segundo o nivel formativo, o 53,4% das persoas ocupadas posúen estudos secundarios ou equivalentes (556.000 persoas), sendo esta porcentaxe superior á media española (51,3%) tanto no caso dos homes como das mulleres. Asemade, o 41,9% da poboación ocupada galega acredita estudos superiores (435.700 persoas), fronte ao 42,1% de media no Estado.

Tanto entre os homes como entre as mulleres o devandito incremento da ocupación prodúcese entre as persoas con maior formación, descendendo no caso dos que teñen a primeira etapa da educación primaria, dos que posúen educación primaria e no dos analfabetos (neste caso só nos homes). En concreto, o número de ocupados con estudos superiores aumenta en Galicia en 15.300 persoas (12.900 mulleres e 2.400 homes) e entre os que teñen a segunda etapa de educación secundaria, en 3.500 persoas (2.200 homes e 1.300 mulleres). Por contra, hai 8.300 ocupados menos con estudos primarios (5.700 mulleres) e 5.000 menos coa primeira etapa da educación secundaria (3.200 mulleres).

Finalmente, no que á nacionalidade se refire, tanto no caso dos homes como das mulleres o incremento de ocupación concéntrase exclusivamente nos de nacionalidade española, con 26.100 ocupados máis (13.100 homes e 12.900 mulleres), descendendo a poboación estranxeira total en 2.600 persoas (2.300 homes). No último ano, a poboación ocupada de nacionalidade española ascende a 1.004.900 persoas en tanto que a estranxeira sitúase en 35.800 persoas.

No devandito descenso da poboación ocupada estranxeira, esta caída prodúcese tanto naqueles pertencentes á Unión Europea (2.100 persoas menos) como nos de América Latina (5.000 menos). Non obstante, apréciase unha diferenza na evolución seguida entre os homes e mulleres xa que os ocupados con nacionalidade comunitaria aumenta no caso das mulleres fronte ao incremento dos de América Latina no caso dos homes.

Dende o comezo da crise a poboación estranxeira ocupada en Galicia descendeu de xeito continuado (agás 2012 e 2015, nos que permanece constante), rexistrándose un descenso acumulado de case 18.000 persoas, un tercio dos ocupados no ano 2008 (10,4% menos no conxunto do Estado). Esta cifra acádase porque a caída dos 19.100 ocupados que non pertencen á UE non se compensa polo incremento de ocupación de 1.200 persoas procedentes da UE.

• Análise da temporalidade

Retomando a análise do emprego asalariado, ao igual que acontecía nos dous últimos anos, a creación de emprego en Galicia no ano 2016 concentrouse en grande medida no colectivo de persoas asalariadas, experimentándose unha medra tanto no sector público como, especialmente, no sector privado. En concreto, os primeiros aumentan en 1.800 persoas en relación ao ano anterior (1,0%), e os segundos en 15.900 persoas (2,6%).

Atendendo á súa distribución segundo tipo de contrato, nos dous últimos anos o número de asalariados con contrato temporal aumenta en maior medida que o dos indefinidos. Dunha banda, os asalariados temporais medran en 2016 en 10.900 persoas (5,4% respecto ao ano anterior), case a metade do que o facían en 2015

Asalariados e taxa de temporalidade en Galicia e España 2015-16: distribución segundo tipo de contrato, sector e sexo

	2015								
	Contrato indefinido		Contrato temporal		Total		Taxa de temporalidade		
	sector público	sector privado	sector público	sector privado	sector público	sector privado	sector público	sector privado	Total
	(en miles de persoas)						(%)		
Galicia	145,2	451,5	35,8	167,7	181,0	619,2	19,8	27,1	25,4
Homes	68,4	239,7	12,1	85,8	80,5	325,5	15,0	26,4	24,1
Mulleres	76,9	211,8	23,8	81,9	100,6	293,7	23,6	27,9	26,8
España	2.331,1	8.728,1	643,9	3.070,3	2.975,0	11.798,5	21,6	26,0	25,1
Homes	1.123,5	4.653,5	240,8	1.690,6	1.364,3	6.344,0	17,7	26,6	25,1
Mulleres	1.207,6	4.074,7	403,1	1.379,8	1.610,7	5.454,5	25,0	25,3	25,2

	2016								
	Contrato indefinido		Contrato temporal		Total		Taxa de temporalidade		
	sector público	sector privado	sector público	sector privado	sector público	sector privado	sector público	sector privado	Total
	(en miles de persoas)						(%)		
Galicia	142,0	461,5	40,8	173,6	182,8	635,0	22,3	27,3	26,2
Homes	66,0	249,5	13,6	87,6	79,6	337,0	17,1	26,0	24,3
Mulleres	76,0	212,0	27,2	86,0	103,2	298,0	26,4	28,9	28,2
España	2.326,7	8.933,5	674,1	3.293,9	3.000,8	12.227,4	22,5	26,9	26,1
Homes	1.121,8	4.782,9	227,6	1.819,1	1.349,3	6.602,0	16,9	27,6	25,7
Mulleres	1.205,0	4.150,6	446,6	1.474,8	1.651,5	5.625,5	27,0	26,2	26,4

Fonte: INE-IGE, EPA

2.1.12.

(20.600 máis). Doutra banda, o emprego indefinido aumenta en 6.700 persoas, o que supón unha medra interanual do 1,1%. Tras esta evolución, no último ano continúa o incremento na taxa de temporalidade, que se sitúa no 26,2%, unha décima superior á media española.


Atendendo á súa evolución dende o comezo da crise económica, a recuperación da actividade produtiva iniciada en 2014 traducíuse nunha medra da temporalidade, se ben este incremento (3,4 puntos porcentuais respecto á rexistrada en 2013) é moi inferior ao descenso experimentado entre os anos 2008 e 2013 (7,6 puntos). No ano 2008 o 30,4% das persoas asalariadas teñen un contrato temporal, fronte aos case 23% de 2013 ou os devanditos 26,2% no último ano. En termos absolutos, o emprego asalariado temporal experimento un descenso de 103.200 persoas no período de crise dos que se recuperaron case 38.000, o 36,5%, en tanto que o descenso dos asalariados con contrato indefinido foi de 40.400 persoas dos que tan só se recuperou o 11,3% (4.800 persoas) (**cadro 2.1.12.**).

O devandito reponte da taxa de temporalidade no ano

2016 rexístrase tamén en ambos os dous sexos e nos distintos grupos de idade (agás entre as persoas de 16 a 24 anos), se ben aprécianse importantes diferencias. Dunha banda, o descenso da contratación indefinida feminina e o seu maior incremento da contratación temporal fixo que a taxa de temporalidade no caso das mulleres medrara de xeito máis acusado que entre os homes. No ano 2016 a contratación feminina indefinida descende en 500 persoas fronte ao aumento da contratación indefinida masculina en 7.300 contratos máis, rexistrándose novamente un aumento moito maior da contratación feminina temporal (7.600 contratos máis que no ano anterior) que no caso dos homes (7.300 contratos temporais máis). No último ano a taxa de temporalidade ascende ata o 28,2% no caso das mulleres e ata o 24,3% no dos homes.

Doutra banda, a temporalidade descende a medida que aumenta o grupo de idade, sendo excesivamente elevada no caso dos menos de 24 anos e dos asalariados con idades comprendidas entre 25 e 34 anos. No ano 2016, dos 33.400 persoas asalariadas menores de 24 anos o 74,6% (24.900 persoas) tiñan un contrato temporal, situándose esta porcentaxe no 43,2%

Taxas de ocupación en Galicia e España 2008-16: distribución segundo sexo



Fonte: INE, EPA

2.1.13.

(75.500 persoas) no asalariados de 25 a 34 anos. Nas persoas de máis de 55 anos a porcentaxe de asalariados con contrato temporal é do 10,5%.

No que respecta á desagregación da contratación segundo se trate do sector público ou privado, ao longo do último ano o número de persoas asalariadas con contrato indefinido en Galicia aumenta no sector privado en 10.000 persoas, a diferenza do que acontece no sector público, que experimenta un novo descenso (3.200 menos que no ano anterior). Asemade, o incremento do número de contratos temporais no sector privado é superior ao rexistrado no sector público (5.900 e 5.300 asalariados máis, respectivamente). Deste xeito, a taxa de temporalidade no sector privado ascende ata o 27,3%, cinco puntos máis que no sector público (22,3%).

Comparando a evolución no período de crise e no da recuperación económica, cómpre salientar catro matices importantes. Dunha banda, entre os anos 2008 e 2013 o número de persoas asalariadas con contrato indefinido aumenta no sector público en Galicia en 1.800 persoas, mentres os contratos indefinidos no sector privado descendieron en 44.300 asalariados. Doutra, en termos relativos o descenso dos contratos temporais é superior no sector público que no privado (42,2% e 35,6%, respectivamente). En terceiro lugar, coa recuperación económica descende o número de contratos indefinidos no sector público (3.200 asala-

riados menos) a diferenza do acontecido no privado (8.200 persoas máis). Ademais, nos últimos tres anos o sector público recupera o 28,4% dos contratos perdidos entre 2008 e 2013 fronte ao 29,4% no sector privado. Finalmente, cómpre destacar que a taxa de temporalidade no sector público en 2016 é máis de cinco puntos porcentuais inferior á estimada en 2008, mentres que no sector privado este diferencial é de 3,8 puntos.

- **Duración da xornada de traballo**

Se no ano 2015 Galicia presentaba unha medra tanto do traballo a tempo completo como a tempo parcial, 2016 caracterízase polo descenso do traballo a tempo parcial e un maior incremento, tanto en termos absolutos como relativos, do emprego a tempo completo. O incremento interanual do emprego a xornada completa ascendeu na Comunidade Autónoma ata o 3,1% (27.200 persoas) en tanto que a xornada parcial desce un 2,5% (3.700 persoas). En España, a ocupación a tempo completo medra lixeiramente por riba da media galega (3,3% respecto ao ano anterior) en tanto que o descenso do emprego a tempo parcial é sensiblemente inferior (-0,8%).

Tras esta evolución, un total de 142.200 persoas teñen en Galicia no ano 2016 un traballo a tempo parcial, o 13,7% da poboación ocupada galega, situándose esta porcentaxe no 15,2% no conxunto do Estado. No ano

Poboación ocupada en Galicia e España 2015-16: distribución segundo tipo de xornada de traballo

	2015					
	Total		Homes		Mulleres	
	tempo completo	tempo parcial	tempo completo	tempo parcial	tempo completo	tempo parcial
	<i>(en miles de persoas)</i>					
Galicia	871,3	145,9	503,1	35,1	368,2	110,8
España	15.053,9	2.812,2	8.987,5	772,9	6.066,4	2.039,4
Galicia/España (%)	5,8	5,2	5,6	4,5	6,1	5,4

	2016					
	Total		Homes		Mulleres	
	tempo completo	tempo parcial	tempo completo	tempo parcial	tempo completo	tempo parcial
	<i>(en miles de persoas)</i>					
Galicia	898,5	142,2	515,4	33,6	383,1	108,6
España	15.551,1	2.790,5	9.224,3	776,5	6.326,8	2.014,0
Galicia/España (%)	5,8	5,1	5,6	4,3	6,1	5,4

Fonte: INE, EPA

2.1.14.

anterior, a porcentaxe de ocupados a xornada parcial era do 14,3% fronte ao 15,2% de media en España.

Se se considera a evolución experimentada tanto no período de crise como no da recuperación económica, Galicia e España seguen unha tendencia similar entre os anos 2008 e 2013. Entre estes anos a poboación ocupada a tempo completo descende na Comunidade Autónoma un 19,6% (210.200 persoas) fronte ao 20,1% no conxunto do Estado, en tanto que a xornada a tempo parcial aumenta un 11,8% en Galicia (15.400 ocupados) e en España un 12,5%. As diferenzas aprécianse no impacto da expansión económica no mercado de traballo, xa que a ocupación a tempo parcial descende en Galicia un 2,1% fronte ao aumento no conxunto do Estado, e os ocupados a tempo completo aumentan en Galicia un 4,3%, tres puntos e medio menos que de media en España (7,8%).


Atendendo á desagregación segundo sexos, os datos correspondentes ao ano 2016 reflicten a desigual situación dos homes e as mulleres. Dunha banda, máis de tres cuartas partes das persoas ocupadas a tempo parcial son mulleres, en tanto que no caso do emprego a tempo completo o seu peso relativo é do 42,6%. Doutra banda, vinte e dous de cada cen mulleres teñen un emprego a tempo parcial fronte ao aos seis no caso dos homes.

No último ano estímase que hai un total de 108.600 mulleres ocupadas a tempo parcial, 2.200 menos que no ano anterior (2,0%), fronte aos 33.600 homes, 1.500

menos que no ano precedente (4,3%). Entre os anos 2008 e 2013 a ocupación a tempo parcial entre as mulleres medra un 9,6% (9.700 persoas), dez puntos menos que no caso dos homes (5.800 ocupados), en tanto que a xornada a tempo completo redúcese un 14,6% nas mulleres (62.800 persoas ocupadas) e case un 23% nos homes (147.500 persoas). Coa recuperación económica descende a ocupación a tempo parcial un 1,3% entre as mulleres (1.400 persoas) e un 4,5% entre os homes (1.600 ocupados), en tanto que a xornada a tempo completo medra un 4,7% (17.600 mulleres) e 4,0% (20.000 homes), respectivamente.

O 20,0% do total de ocupados a tempo parcial en Galicia no último ano ten menos de 30 anos (28.500 persoas), dos que case as dúas terceiras partes son mulleres (18.800 persoas). Ademais, máis dun 27% (38.700 persoas) ten unha idade comprendida entre 30 e 39 anos, representando as mulleres as tres cuartas partes deste colectivo (29.200 mulleres). Aproximadamente tres de cada catro persoas con xornadas parciais son mulleres, das que en torno ao 44% (48.000 persoas ocupadas) teñen menos de 39 anos.

As ramas de actividade que presentan un maior peso das xornadas de traballo a tempo parcial pertencen ao sector servizos. En termos absolutos destacan as “actividades de comercio por xunto e ao retalho”, con 23.300 persoas ocupadas a xornada parcial (o 16,1% das persoas ocupadas nesta actividade), a “hostalería”, con 16.500 ocupados a tempo parcial (o 23,6%), e as “acti-

Poboación ocupada con xornada a tempo parcial en Galicia e España 2008-16 ⁽¹⁾: distribución segundo sexos

(1) 2008=100
 Fonte: INE, EPA

2.1.15.

vidades inmobiliarias, administrativas e servizos auxiliares”, con 13.700 persoas (o 31,9% das persoas ocupadas na actividade).

En termos relativos, xunto a estas actividades hai que destacar o peso das “actividades de información, comunicacións, actividades artísticas, recreativas e de entretemento”, co 17,6%, as “actividades sanitarias e de servizos sociais”, co 14,4%, e a “pesca e acuicultura”, co 14,0%. Comparado cos datos do ano 2013, as actividades que en termos absolutos presentan un maior incremento de traballo a tempo parcial son as “sanitarias e de servizos sociais”, con 2.900 persoas ocupadas máis; “actividades profesionais, científicas e técnicas”, con 2.100 ocupados máis; e as “actividades inmobiliarias, administrativas e servizos auxiliares”, con 1.700 persoas máis. Por contra, os que presentan un maior descenso son a “hostalería”, con 2.700 ocupados menos, e o “sector agrario”, con 2.400 persoas con xornada parcial menos que en 2013.

Finalmente, en relación ao traballo a tempo parcial cómpre destacar que en 2016 se racha a tendencia crecente do peso relativo da involuntariedade, é dicir, das persoas que afirman ter este tipo de xornada ao non poder atopar un traballo de xornada completa. En 2016 hai 10.100 persoas menos que no ano anterior que sinalan este motivo, dos que 7.000 son mulleres e os restantes 3.100, homes. No último ano case o 63% das

persoas ocupadas a tempo parcial (89.000 persoas) consideran que este é o principal motivo para ter un contrato a tempo parcial, sendo esta porcentaxe do 66,7% no caso dos homes (22.400 ocupados) e do 61,3% no das mulleres (66.600 persoas). No caso das mulleres, o coidado de nenos ou de adultos sitúase como segundo motivo, co 12,5% (13.600 mulleres), en tanto nos homes o segundo motivo está vinculado á formación, cun 5,7% (1.900 homes).

• Poboación parada

Coa saída da recesión económica no segundo trimestre de 2013, o mercado laboral galego encadea tres anos de descenso da poboación parada, que en 2016 se sitúa en 215.400 persoas, 28.000 menos que no ano anterior. En termos porcentuais, esta caída é do 11,5%, porcentaxe similar á media estatal (11,4%). Asemade, o devandito incremento da ocupación e a caída da poboación activa explican o descenso da taxa de paro en Galicia, que no conxunto do ano 2016 se sitúa no 17,1% (**cadro 2.1.16.**).

De xeito semellante ao estimado nos dous anos anteriores, o descenso no paro en 2016 favorece tanto a homes como a mulleres, aínda que de forma máis acusada no caso dos homes. En termos relativos, o descenso medio do desemprego masculino foi do 11,8% en relación ao ano anterior, sete décimas máis que a caída estimada no

Poboación parada 2016: distribución segundo sexo, nivel de formación acadada, tempo de procura de emprego e idade

	Galicia			Galicia / España			16/15		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
	(en miles de persoas)			(%)			(en miles de persoas)		
Total	108,8	106,7	215,4	4,9	4,7	4,8	-14,6	-13,4	-28,0
Nivel de formación acadado									
Analfabetos	0,6	0,3	0,9	4,5	1,5	2,8	0,0	0,0	0,1
Estudios primarios incompletos	2,1	1,7	3,8	3,0	3,7	3,2	0,0	0,0	-0,1
Estudios primarios	12,0	7,7	19,7	4,0	3,9	4,0	1,2	0,0	1,1
Educación secundaria primeira etapa	47,1	37,4	84,5	4,9	4,5	4,8	-10,1	-4,8	-14,8
Educación secundaria segunda etapa	22,5	24,0	46,5	4,8	4,2	4,5	-2,8	-2,0	-4,7
Educación superior	24,6	35,6	60,2	6,0	5,8	0,1	-3,0	-6,7	-9,6
Tempo de procura de emprego									
Xa atopou emprego	5,8	5,6	11,4	3,8	4,4	4,0	-1,2	-0,9	-2,0
Menos de 1 mes	5,1	5,2	10,2	4,8	5,6	5,2	0,6	0,4	0,9
De 1 mes a menos de 3 meses	10,9	11,7	22,6	4,5	4,9	4,7	-0,3	-0,4	-0,7
De 3 meses a menos de 6 meses	11,0	9,5	20,5	5,0	4,3	4,6	0,7	-1,1	-0,3
De 6 meses a menos de 1 ano	12,1	12,8	24,9	4,8	4,9	4,9	-1,9	-2,0	-3,9
De 1 ano a menos de 2 anos	16,1	16,2	32,3	5,2	4,5	4,8	-5,2	-5,1	-10,3
2 anos ou máis	47,9	45,7	93,6	5,1	4,7	4,9	-7,4	-4,5	-11,8
Grupos de idade									
16 - 19 anos	1,9	2,0	3,8	2,3	3,1	2,6	-1,3	0,0	-1,3
20 - 24 anos	11,5	9,8	21,3	4,3	4,0	4,1	-1,0	-0,6	-1,6
25 - 34 anos	26,2	26,9	53,1	5,0	4,9	5,0	-4,9	-6,4	-11,3
35 - 44 anos	27,6	31,7	59,2	5,2	5,2	5,2	-3,8	-4,8	-8,6
45 - 54 anos	25,9	25,2	51,1	5,2	4,7	4,9	-2,6	-1,2	-3,8
Máis de 55 anos	15,8	11,2	27,1	5,0	4,3	4,7	-1,1	-0,3	-1,4

Fonte: INE, EPA

2.1.16.

caso das mulleres. En termos absolutos, dos devanditos 28.000 parados menos, 14.600 persoas son homes e 13.400 son mulleres (**cadro 2.1.9.**).

En relación ao desemprego estimado por idades, o paro estimado baixa en todos os grupos de idade tanto no caso dos homes como das mulleres (agás neste último caso entre as mulleres de 16 a 19 anos). En termos absolutos os descenso máis acusados estímase nos grupos de idade de 30 a 34 anos, con 6.400 parados menos (19,0%) e no de 25 a 34 anos, con 5.000 desempregados menos (16,2%), mentres que en termos relativos salienta a caída do 25,5% experimentada entre os máis novos (1.300 persoas de 16 a 19 anos menos que no ano anterior). Entre as persoas maiores de 45 anos, o desemprego redúcese en 5.200 persoas, o que supón unha redución do 6,2% respecto ao estimado en 2015.

A pesar do descenso experimentado no último ano, en 2016 había en Galicia un total de 78.200 parados que teñen máis de 45 anos, o que representa o 36,3% do paro na Comunidade Autónoma, a porcentaxe máis alta dende o comezo da crise. Tendo en conta as singu-

lares características socioeconómicas e de empregabilidade das persoas nesta franxa de idade, cómpre resaltar non só que no período de crise foi o colectivo no que máis se incrementou o desemprego, con 59.100 parados máis, senón que coa recuperación económica tan só recuperou o 17% do emprego destruído (10.200 persoas). Así mesmo, hai que ter en conta que a propia evolución e estrutura demográfica galega explica o incremento da poboación ocupada nesta franxa de idade dende o 36,4% da ocupación total galega en 2008 ata o 45,3% no ano 2016 (33.100 persoas menos).

Dende un punto de vista sectorial, o descenso do desemprego experimentado en 2016 ven explicado na súa meirande parte pola redución do número de persoas paradas que buscan o seu primeiro emprego ou deixaron o seu último emprego hai máis dun ano. En concreto, das 28.000 persoas en que se reduce a poboación parada estimada máis de 24.000 corresponden ao devandito colectivo. Asemade, o descenso experimentado nos sectores industrial, construción e servizos é sensiblemente inferior ao do ano precedente, mentres que aumenta o paro no sector primario.

Taxas de paro en Galicia e España 2008-16: distribución segundo grupos de idade

	2008	2015	2016	16/08 (en puntos porcentuais)
Menores de 25 anos				
Galicia	21,05	43,57	40,31	19,26
España	24,45	48,35	44,46	20,01
De 16 a 19 anos				
Galicia	31,26	63,52	55,41	24,15
España	39,38	67,41	60,25	20,87
De 20 a 24 anos				
Galicia	18,62	40,72	38,35	19,73
España	20,16	44,60	41,42	21,26
Maiores de 25 anos				
Galicia	7,48	18,01	15,95	8,47
España	9,70	20,15	17,92	8,22
De 25 a 54 anos				
Galicia	7,80	18,85	16,65	8,85
España	10,07	20,55	18,21	8,14
De 55 e máis anos				
Galicia	5,59	13,90	12,72	7,13
España	7,06	17,93	16,44	9,38

Fonte: INE-IGE

2.1.17.

Tras unha medra de 1.300 parados no último ano (11,3% respecto ao ano anterior), a “hostalería” é a rama de actividade que acolle o maior número de desempregados, con 12.800 persoas, o 5,9% do paro galego. Asemade, cómpre destacar o incremento estimado no subsector de “transporte e almacenamento”, con 800 parados máis (18,2%), acadando un desemprego total de 5.200 persoas, o 2,4% da poboación parada galega. Por contra, os maiores descenso experimentáronse no sector da “construción”, con 2.600 parados menos (4,1%), e nas “actividades vinculadas ao comercio”, con 1.100 parados menos (8,7%). Tras esta evolución, o desemprego no sector da construción sitúase en 61.100 persoas, o 28,4% do total galego, e nas actividades comerciais, en 11.500 parados, o 5,3% do total galego.

Atendendo ao tempo de procura de emprego, no ano 2016 case seis de cada dez persoas desempregadas levan máis dun ano en paro (125.900 persoas), estimándose un descenso de 22.100 persoas paradas en relación ao ano anterior (14,9%). Entre estas, 93.600 persoas levan máis de dous anos na procura de emprego, case 12.000 menos que en 2015 (11,2%).


A taxa de paro estimada para Galicia no conxunto do ano 2016 situouse no 17,1%, 2,5 puntos porcentuais por debaixo da media estatal, colocándose como a oitava taxa máis elevada do conxunto de Comunidades

Autónomas. As taxas de desemprego galegas foron inferiores á media estatal, tanto para os homes (16,5% por 18,1% de media en España) como para as mulleres (17,8% fronte ao 21,4% no Estado). As taxas de paro no último ano en Galicia reducíronse 2,2 puntos porcentuais no caso das mulleres, evolución similar á acaecida no conxunto do Estado, mentres que nos homes a redución foi de 2,1 puntos fronte aos 2,7 porcentuais de media en España.

O **cadro 2.1.17.** mostra a evolución das taxas de paro ao longo dos últimos anos, sendo evidente o grave problema de paro xuvenil existente tanto en Galicia como en España. A pesar da redución nos dous últimos anos, as taxas de paro dos menores de 25 anos sitúanse no ano 2016 no 40,3% (48,5% no ano 2014), máis de catro puntos por baixo da media española (44,5%); en tanto que as dos maiores de 25 anos descende ata o 16%, case dous puntos menos que no conxunto do Estado (17,9%).

Atendendo ao nivel de estudos rematados, o número medio de persoas desempregadas aumenta no ano 2016 nos niveis formativos máis baixos (analfabetos e estudos primarios). En termos porcentuais, o incremento do número de persoas paradas con estudos primarios foi de case o 5% en relación ao ano anterior (1.100 persoas), descendendo case un 15% no caso da 1ª etapa de educación secundaria (14.800 parados


Taxas de paro 2010-16: distribución segundo nivel formativo (1)



(1) Ata 2013 CNED2000, 2014 e seguintes CNED2014
Fonte: IGE, EPA

2.1.18.

Taxas de paro en Galicia e España 2008-16: distribución segundo nacionalidade



Fonte: INE, EPA

2.1.19.

menos) seguido pola educación superior, cun 13,6% (9.500 persoas menos) e a 2ª etapa de educación secundaria, cun 9,2% (4.700 persoas menos). Tal como se observa no **gráfico 2.1.18.**, existe unha relación inversa entre paro e nivel formativo: dunha banda, as taxas de paro son menores canto maior é o nivel de formación; doutra, tan só as persoas con estudos superiores presentan unha taxa de paro inferior á media galega (12,1% no último ano). Se temos en conta á evolución

seguida no período de recuperación económica, as taxas de paro aumentan no caso das persoas que posúen tan só estudos primarios e nos analfabetos, descendendo en maior media na primeira etapa da educación secundaria.

Se a análise se fai atendendo á nacionalidade das persoas, as taxas de paro das persoas estranxeiras en Galicia non só aumentan en relación ao ano anterior

Paro rexistrado en Galicia e España 2008-16 ⁽¹⁾

	Galicia	España	Galicia /España	Galicia	España
	(en miles de persoas)		(%)	(% de variación interanual)	
2008	162,5	2.539,9	6,40	7,9	24,6
2009	206,2	3.644,0	5,66	26,9	43,5
2010	226,2	4.060,8	5,57	9,7	11,4
2011	241,3	4.257,2	5,67	6,7	4,8
2012	270,5	4.720,4	5,73	12,1	10,9
2013	276,0	4.845,3	5,70	2,0	2,6
2014	257,0	4.575,9	5,62	-6,9	-5,6
2015	233,4	4.232,1	5,52	-9,1	-7,5
2016	212,6	3.868,9	5,49	-8,9	-8,6
xaneiro	236,4	4.150,8	5,70	-8,7	-8,3
febreiro	235,3	4.153,0	5,67	-8,7	-8,0
marzo	231,8	4.094,4	5,66	-8,1	-8,0
abril	228,2	4.011,2	5,69	-6,8	-7,4
maio	220,5	3.891,4	5,67	-7,0	-7,7
xuño	207,3	3.767,1	5,50	-9,5	-8,6
xullo	195,5	3.683,1	5,31	-9,7	-9,0
agosto	193,0	3.697,5	5,22	-9,7	-9,1
setembro	194,3	3.720,3	5,22	-9,9	-9,1
outubro	198,9	3.765,0	5,28	-10,4	-9,8
novembro	203,6	3.789,8	5,37	-9,6	-8,7
decembro	205,9	3.703,0	5,56	-10,0	-9,5

(1) datos anuais: en medias anuais; datos mensuais: último día de cada mes
 Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Movimiento laboral registrado*

2.1.20.

senón que duplican ás estimadas para as persoas de nacionalidade española. Asemade, tendo en conta que no conxunto do Estado se reduce a taxa de paro para as persoas de nacionalidade estranxeira, Galicia volve a presentar taxas de desemprego superiores á media estatal. No ano 2016 as taxas de paro das persoas estranxeiras aumenta ata o 33,6%, case cinco puntos máis que no ano anterior, e o das persoas españolas descende ata o 16,4%, dous puntos e medio menos que en 2015). En España estas porcentaxes sitúanse no 26,6% e 18,7%, respectivamente.

O descenso do desemprego iniciado no ano 2014 non só se traduce nunha redución da poboación parada no conxunto de Galicia, senón que tamén descende nas catro provincias. A diferenza do acontecido nos dous anos anteriores, en 2016 a provincia de Pontevedra é quen presenta o maior descenso tanto en termos absolutos como relativos, con 14.100 persoas paradas menos, un 14,3% menos que no ano anterior. Séguelle a provincia de A Coruña, cun 11,6% menos (10.800 persoas paradas menos); mentres que en Lugo o descenso foi de case 2.000 persoas (7,3%) e en Ourense de 1.300 (4,8%). A pesar da dita redución, Pontevedra segue a

ser a provincia con maior número de persoas desempregadas (84.700 persoas) por diante de A Coruña (82.000), Ourense (25.900 persoas) e Lugo (22.900).


Datos rexistrados nas oficinas de emprego

O paro rexistrado nas oficinas de emprego de Galicia descende por terceiro ano consecutivo a un ritmo superior ao do conxunto do Estado. No ano 2016 o desemprego descendeu ata as 212.558 persoas (o 5,5% do total estatal), o que supón unha redución do 8,9% respecto ao ano anterior (case 21.000 persoas menos), tres décimas máis que en España. Sen embargo, e a diferenza do que acontece en España, no último ano ralentízase lixeiramente este proceso de redución de desemprego xa que no ano anterior a caída fora superior ás 23.500 persoas.

Os datos mensuais do paro rexistrado, recollidos no **cadro 2.1.20.**, reflicten unha baixada nos oito primeiros meses do ano, e un aumento nos catro últimos meses.

En termos de taxas de variación interanual, o **gráfico**

Paro rexistrado 2008-16: evolución mensual



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Movimiento laboral registrado*

2.1.21.

2.1.21. mostra unha redución do paro rexistrado en todos os meses do ano.

Ao igual que acontece para o conxunto da Comunidade Autónoma, ao longo dos últimos tres anos o paro rexistrado descende tanto nas catro provincias galegas como en ambos os dous sexos. Dunha banda, no último ano A Coruña é a provincia que máis reduce o volume de paro rexistrado tanto en termos absolutos como relativos (8.556 persoas paradas rexistradas menos en relación ao ano anterior, un 9,3%) seguida de Pontevedra con 8.336 menos (8,9%). A pesar desta evolución, Pontevedra mantense como a provincia con maior nivel de desemprego, con 84.805 persoas rexistradas no Servizo Público de emprego, por diante de A Coruña, con 83.099 persoas. En Ourense e Lugo o paro rexistrado descende ata as 23.675 e 20.979 persoas, respectivamente.

Doutra banda, no ano 2016 o descenso do paro entre os homes segue a ser superior ao rexistrado no caso das mulleres. O número de mulleres apuntadas nas oficinas de emprego no último ano situouse en 116.143 persoas, 9.374 menos que no ano anterior (7,5%) mentres que había rexistrados un total de 96.415 homes, 11.517 menos que en 2015 (un 10,7% menos).

Se se analiza a evolución dende o comezo da crise eco-

nómica, a recuperación iniciada en 2014 tradúcese nun descenso do paro Galicia de case 63.500 persoas, o 55,9% do incremento rexistrado ao longo do período 2008-2013 (113.495 persoas). Esta porcentaxe é superior no caso das mulleres (58,0%), onde tras un incremento de 43.398 persoas na devandita crise o paro redúcese en 25.165 mulleres. Entre os homes, aumenta o paro en 70.098 persoas (54,6%) e redúcese en 38.284 entre os anos 2014 e 2016.

No concernente á evolución do desemprego segundo os grupos de idade, no ano 2016 o paro rexistrado redúcese en todos os grupos de idade agás no dos maiores de 60 anos, onde se mantén practicamente constante. En termos relativos, o descenso do paro en relación ao rexistrado no ano anterior supera o 15% no caso das persoas con idades comprendidas entre os 20 e 24 anos e entre 30 e 34 (1.521 e 3.920 persoas menos, respectivamente), situándose no 14,2% no de 25 a 29 anos (2.953 persoas menos). Por contra, a caída menos acusada rexístrase entre as persoas maiores de 45 anos, cun 4,6% (5.204 parados menos), sendo inferior ao 9% no das persoas de 40 a 44 anos (2.662 persoas).

Das 212.558 persoas paradas rexistradas no ano 2016 en Galicia, o 50,3% ten máis de 45 anos (106.873 persoas), sendo esta porcentaxe a máis elevada dos últi-

Paro rexistrado en Galicia e España 2016 ⁽¹⁾: distribución segundo sector de actividade


2016

	Total	Agricultura e Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
<i>(en miles de persoas)</i>						
Galicia	212.558	7.942	25.565	24.385	137.221	17.446
A Coruña	83.099	2.291	9.983	10.422	53.631	6.774
Lugo	20.978	1.099	1.758	2.560	13.775	1.786
Ourense	23.675	1.254	3.072	2.676	14.547	2.130
Pontevedra	84.805	3.299	10.750	8.728	55.271	6.757
España	3.868.898	188.294	361.349	402.266	2.581.749	335.240

16/15

	Total	Agricultura e Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
<i>(%)</i>						
Galicia	-8,9	-6,1	-13,9	-15,6	-6,8	-9,4
A Coruña	-9,3	-5,5	-13,6	-15,4	-7,4	-8,9
Lugo	-8,4	1,1	-12,8	-15,3	-7,1	-7,8
Ourense	-8,1	0,6	-12,3	-13,8	-6,8	-7,3
Pontevedra	-8,9	-10,8	-14,7	-16,5	-6,0	-10,9
España	-8,6	-8,1	-12,1	-15,8	-6,9	-8,4

(taxas de variación interanuais)



⁽¹⁾ medias anuais

Fonte: IGE; Ministerio de Empleo y Seguridad Social

2.1.22.

mos once anos. Atendendo aos distintos grupos quinquenais, os colectivos con maior nivel de desemprego son os de 55 a 59 anos (13,7%), seguido polos de 45-49 e 40-44 anos, cunha porcentaxe superior ao 13%.

Finalmente, no que á análise sectorial se refire, cómpre destacar o descenso do paro rexistrado en todos os sectores produtivos salientando novamente a construción, cunha caída do 15,6% (4.518 desempregados menos que no ano anterior), e o sector industrial, cunha redución do 13,9% en relación ao ano anterior (4.112 persoas). No caso dos servizos a caída do desemprego foi

do 6,8% (9.944 persoas), superando lixeiramente o 6% no caso da actividade agraria e pesqueira (512 persoas).

Tras esta evolución, os datos recollidos no **cadro 2.1.22.** amosan que o sector servizos acolle un total de 137.221 parados, o 64,6% das persoas paradas rexistradas en Galicia (65,5% en España), seguíndolle en importancia o sector industrial, con 25.565 parados, o 12,0% (9,7% no conxunto do Estado). O paro rexistrado nas actividades da construción sitúase en 24.385 persoas, o 11,5% do total galego (11,3% en España) e no sector

primario 7.942 persoas, o 3,7% (4,8% do total de paro rexistrado de media a nivel estatal).

O dinamismo da actividade económica desde o ano 2014 incidiu nun descenso continuado do desemprego nos distintos sectores, destacando tanto a evolución do sector industrial como o da construción. Dunha banda, o número de persoas paradas rexistradas nas actividades industriais é similar ao existente antes da crise económica. Doutra banda, a construción recupera case o 80% do emprego perdido entre os anos 2008 e 2013 (se se compara co ano 2012, cando se acadou o nivel de paro máis elevado, a recuperación do emprego supera o 90%). No caso do sector servizos o descenso do número de persoas desempregadas nos últimos anos fixo que se recuperara o 35% do emprego destruído na crise, sendo esta porcentaxe do 27,0% no sector primario.

Contratación

O número de contratos asinados en Galicia continúa no último ano coa súa tendencia ascendente iniciada en 2012. No ano 2016 asináronse un total de 944.114 contratos, o que supón un incremento do 7,6% en relación ao ano anterior (66.280 contratos máis). Comparado co rexistrado no conxunto do Estado, Galicia mantén o seu peso relativo ao concentrar o 4,7% dos contratos asinados en España.

Do total de contratos, 915.628 corresponden a contratos iniciais, e os restantes 28.486 a contratos convertidos en indefinidos. Comparado co ano anterior, os contratos iniciais medran un 7,3% (61.961 contratos máis) e as conversións en indefinidos case un 18% (4.319 contratos). No concernente aos contratos iniciais, o devandito incremento favorece tanto aos contratos de duración indefinida como aos de duración temporal, sen distinción de sexo (**cadro 2.1.23.**).

O número total de **contratos de duración indefinida** incrementábase nun 5,1% en relación ao ano anterior, porcentaxe sensiblemente inferior á taxa rexistrada no conxunto do Estado (9,2%), situándose nos 42.737 contratos (2.065 contratos máis). Atendendo á súa distribución segundo sexos, 22.320 contratos foron asinados por homes (983 máis que no ano precedente) e 20.417 por mulleres (1.082 máis).

No que respecta á **contratación temporal**, o número de contratos de duración temporal aumentou no último ano en Galicia un 7,4%, catro décimas máis que no conxunto do Estado, asinándose un total de 872.891 contratos, o que representa o 92,5% do total de contratos asinados na comunidade Autónoma. Como se desprende do **cadro 2.1.23.**, os homes asinan o 52,2% dos contratos (455.940 contratos) e as mulleres o 47,8% restante (416.951). Ao igual que acontece no caso da contratación indefinida, o incremento rexistrado en relación ao ano anterior é superior no caso das mulleres que no dos homes (8,6% e 6,2%, respectivamente).

Tendo en conta o número de contratos temporais formalizados no último ano e o número de asalariados temporais, o índice de rotación laboral aumenta lixeiramente en Galicia ata os 4,1 contratos por asalariado temporal fronte aos 4,6 contratos no conxunto do Estado. Este grado de rotación é sensiblemente superior no caso dos homes que no das mulleres, acadando os 4,5 e 3,7 contratos por asalariado temporal, respectivamente.

No concernente á desagregación segundo tipos de contratos de duración temporal, obsérvase un importante crecemento dos contratos eventuais segundo circunstancias da produción, con case 62.000 contratos máis, sendo esta medra en torno aos 6.100 contratos no caso dos contratos de obra ou servizo. Por contra, descenden os contratos para a formación en case 8.500 en relación ao ano anterior.

Tras esta evolución os contratos eventuais segundo circunstancias da produción e os de obra ou servizo seguen sendo os máis numerosos, ao acoller o 50,5% e o 35,5% da contratación temporal total, respectivamente. As porcentaxes de homes que asinan contratos de obra ou servizos a tempo completo son significativamente superiores que para o caso das mulleres, e de xeito paralelo, o peso relativo dos contratos de interinidade son moi superiores no caso das mulleres.

Atendendo á duración dos contratos, os máis numerosos son os que teñen unha duración inferior a unha semana, ao concentrar case o 35% dos contratos temporais (33% do total de contratos iniciais). Séguelle en importancia, por mor do peso relativo dos contratos por obra ou servizo determinado, os contratos cunha

Contratos iniciais de traballo e contratos convertidos en indefinidos en Galicia e España 2016: distribución segundo tipo

	Total		Homes		Mulleres		Galicia / España	16/15	
		(%)		(%)		(%)		Galicia (%)	España
Contratos de duración indefinida	42.737	4,5	22.320	4,5	20.417	4,5	3,8	5,1	9,8
Indefinido ordinario	42.162	4,5	22.006	4,5	20.156	4,5	3,8	5,0	9,7
Indefinido persoas con discapacidade	575	0,1	314	0,1	261	0,1	5,8	13,2	21,7
Contratos de duración temporal	872.891	92,5	455.940	92,4	416.951	92,5	4,8	7,4	7,0
Obra ou servizo	310.498	32,9	184.929	37,5	125.569	27,9	4,0	2,0	5,2
Eventual segundo circunstancias da produción	440.925	46,7	225.813	45,8	215.112	47,7	5,1	16,2	11,9
Interinidade	93.611	9,9	27.326	5,5	66.285	14,7	5,9	1,3	0,6
Temporais pers. discapacidade	1.310	0,1	799	0,2	511	0,1	5,8	12,9	9,4
Relevo	784	0,1	381	0,1	403	0,1	5,0	2,0	4,9
Xubilación parcial	1.556	0,2	1.019	0,2	537	0,1	5,3	9,8	12,0
C. de substitución por xubilación aos 64 anos	23	0,0	3	0,0	20	0,0	2,9	35,3	8,1
Contrato en prácticas	6.134	0,6	3.073	0,6	3.061	0,7	6,3	19,8	17,5
Contrato para a formación	3.550	0,4	1.691	0,3	1.859	0,4	7,7	-70,4	-73,5
Outros contratos	14.500	1,5	10.906	2,2	3.594	0,8	13,7	-11,8	-2,3
Contratos convertidos en indefinidos	28.486	3,0	15.258	3,1	13.228	2,9	4,9	17,9	21,6
Total contratos	944.114	100	493.518	100	450.596	100	4,7	7,6	7,6

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal, *Estadística de contratos*

2.1.23.

Contratos iniciais de traballo e contratos convertidos en indefinidos 2016: distribución segundo tipo de contrato e grupo de idade

	Total	Homes					Mulleres					Galicia/España
		< 25	25 - 29	30 - 39	40 - 44	>= 45	< 25	25 - 29	30 - 39	40 - 44	>= 45	(%)
Contratos de duración indefinida												
Indefinido (bonificado/non bonificado)	42.162	2.172	3.114	7.433	3.127	6.160	2.242	3.145	6.142	2.676	5.951	3,8
Indefinido persoas con discapacidade	575	11	17	100	50	136	15	16	59	36	135	5,8
Contratos de duración temporal												
Obra ou servizo	310.498	23.541	27.836	60.597	26.267	46.688	18.721	20.947	39.741	16.748	29.412	4,0
Eventual segundo circunstancias da produción	440.925	38.003	40.506	74.040	28.385	44.879	40.695	39.435	63.907	27.096	43.979	5,1
Interinidade	93.611	2.829	4.909	9.836	3.940	5.812	5.578	9.969	20.008	10.392	20.338	5,9
Temporais persoas con discapacidade	1.310	29	62	233	171	304	33	44	147	96	191	5,8
Relevo	784	23	54	164	53	87	15	60	126	67	135	5,0
Xubilación parcial	1.556	0	0	0	0	1.019	0	0	0	0	537	5,3
C. de substitución por xubilación aos 64 anos	23	0	0	1	2	0	2	5	8	2	3	2,9
Contrato en prácticas	6.134	1.477	1.185	343	34	34	1.348	1.292	325	52	44	6,3
Contrato para a formación	3.550	760	390	148	87	306	750	565	190	106	248	7,7
Outros contratos	14.500	1.174	1.547	3.122	1.240	3.823	754	1.122	895	317	506	13,7
Contratos convertidos en indefinidos												
Obra ou servizo	6.961	194	558	1.628	605	1.000	117	478	1.142	515	724	5,1
Eventual segundo circunstancias da produción	18.486	979	1.663	3.594	1.346	2.068	1.096	1.723	3.201	1.160	1.656	4,8
Interinidade	858	35	85	142	57	59	31	115	207	66	61	5,3
Temporais para persoas con discapacidade	264	1	18	42	34	66	1	4	32	26	40	5,3
C. de substitución por xubilación aos 64 anos	7	0	1	2	0	1	0	0	3	0	0	7,4
Contrato en prácticas	960	155	264	104	4	3	80	266	79	5	0	5,0
Contrato de relevo	205	1	14	69	15	16	0	17	48	12	13	4,5
Contrato para a formación	734	201	174	53	1	0	106	146	53	0	0	6,7
Outros contratos	11	0	1	0	1	4	0	1	1	3	0	4,2

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal, *Estadística de contratos*

2.1.24.

Contratos iniciais segundo duración do contrato 2015-16

	2015			2016			16/15
	(%)	(%)		(%)	(%)		(%)
Total	874.643	100		942.452	100		7,8
Indefinidos	42.660	4,9		45.247	4,8		6,1
Temporais	831.983	95,1	100	897.205	95,2	100	7,8
Menos de 1 semana	268.941	30,7	32,3	311.030	33,0	34,7	15,6
De 1 semana a 1 mes	95.114	10,9	11,4	99.414	10,5	11,1	4,5
De 1 a 6 meses	148.153	16,9	17,8	161.694	17,2	18,0	9,1
De 6 meses a 1 ano	24.422	2,8	2,9	19.231	2,0	2,1	-21,3
Máis de 1 ano	2.730	0,3	0,3	3.079	0,3	0,3	12,8
Indeterminado	292.623	33,5	35,2	302.757	32,1	33,7	3,5

(1) Número de contratos segundo lugar de residencia do traballador
Fonte: IGE

2.1.25.

duración indeterminada, que representan o 33,7% dos contratos temporais. Tal e como se desprende do **cadro 2.1.25.**, máis do 45% dos contratos temporais asinados en Galicia tiveron en 2016 unha duración inferior a un mes, e un 18% dos contratos temporais de 1 a seis meses.

En canto á distribución sectorial dos contratos iniciais no ano 2016, o **cadro 2.1.26.** e **2.1.27.** mostran como setenta e sete de cada cen contratos son asinados polo sector servizos (708.630 contratos), acollendo a industria case quince de cada cen (133.863 contratos), a construción un 5% e o sector primario o restante 3%. Comparado co ano anterior, a industria sitúase como o sector de maior crecemento en termos porcentuais (10%) medrando en case 52.000 contratos o sector servizos. Doutra banda, cómpre salientar que a construción presenta unha redución do 7,4% nos contratos iniciais rexistrados (3.552 contratos menos).

Desagregando a nivel de rama de actividade, a “hostalería” concentra o maior número de contratos, 204.565 contratos, o 22,3% das contratacións galegas en 2016, por diante da “industria manufacturera” e do “comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de motor”, con 128.464 e 104.791 contratos, respectivamente (14% e 11,4%). A continuación estarían as actividades de “transporte e almacenamento”, con case 86.000 contratos (9,4%) e as “actividades administrativas e servizos auxiliares”, con case 77.000 contratos, o 8,4% dos totais.

Comparado co total estatal, cómpre salientar o peso relativo da contratación das “industrias extractivas”, que representan o 9% do total estatal, así como do

“transporte e almacenamento”, cun 7,7%. Asemade, as “actividades artísticas, recreativas e de entretemento”, “subministro de enerxía eléctrica, gas, vapor aire acondicionado” e “industrias manufactureras” representan máis dun 7%.

Atendendo á desagregación sectorial segundo tipo de contrato, no sector servizos destaca polo seu número o contrato eventual por circunstancias da produción (o 51,1% do total de contratos iniciais do sector servizos). O 95,5% destes contratos asinados en Galicia no ano 2016 asínanse no sector servizos. En relación ao ano anterior, case a totalidade dos case 51.700 novos contratos asinados no sector servizos en Galicia, 51.368 contratos, o 99,5% son eventuais.

O sector no que a contratación indefinida ten un maior peso porcentual é o primario (13,1% do total de contratos), seguido da construción (6,3%). Por baixo da media galega (4,7%) situaríanse o sector servizos, cun 4,5%, e a industria, cun 3%.

Á hora de analizar os contratos rexistrados é importante ter en conta a súa evolución segundo a modalidade de contrato. No ano 2016 o 62,3% dos contratos son a tempo completo, sendo esta a porcentaxe máis reducida dende o comezo da crise (75,2% en 2008). Por contra, como se recolle no **cadro 2.1.29.**, os contratos a tempo parcial representa o 37,1% dos contratos rexistrados no último ano fronte ao 24,2% do ano 2008. O restante 0,6% corresponden aos fixos descontinuos.

Atendendo á súa distribución segundo sexos, entre os homes o 72,6% dos contratos son a tempo completo, case 22 puntos máis que entre as mulleres (50,9%),

Contratos iniciais de traballo 2016: distribución segundo sector económico

	Total		Agricultura		Industria		Construcción		Servizos	
	2016	16/15 (%)	2016	16/15 (%)	2016	16/15 (%)	2016	16/15 (%)	2016	16/15 (%)
Indefinido ordinario (bonif./no bonif.)	42.162	5,0	4.014	13,0	3.900	-3,4	3.011	-0,7	31.237	5,7
Persoas con discapacidade	575	13,2	13	18,2	67	39,6	30	-18,9	465	12,9
Obra ou servizo	310.498	2,0	17.364	3,9	55.918	7,9	29.430	-10,6	207.786	2,4
Eventual circunstancias produción	440.925	16,2	6.093	13,5	61.635	16,6	10.895	7,4	362.302	16,5
Interinidade	93.611	1,3	1.125	2,2	10.334	-0,4	363	-11,2	81.789	1,6
Temporal persoas discapac.	1.310	12,9	27	22,7	213	31,5	62	-11,4	1.008	11,3
Relevo	784	2,0	-	-	176	0,0	28	40,0	580	1,2
Xubilación parcial	1.556	9,8	8	0,0	529	7,3	79	27,4	940	10,1
Sustitución xubilación 64 anos	23	35,3	-	-	-	-	-	-	23	35,3
Prácticas	6.134	19,8	21	16,7	919	15,3	382	6,1	4.812	21,9
Formación	3.550	-70,4	10	-95,3	131	-85,1	86	-89,9	3.323	-66,9
Outros contratos	14.500	-11,8	10	11,1	41	173,3	84	-10,6	14.365	-12,0
Total	915.628	7,3	28.685	6,2	133.863	10,0	44.450	-7,4	708.630	7,9

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal, *Estadística de contratos*

2.1.26.

Contratos de traballo en Galicia e España 2016: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		Galicia/ España
	(% / total)		(% / total)		(%)
Sector primario	28.685	3,1	2.840.768	14,6	1,0
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	28.685	3,1	2.840.768	14,6	1,0
Industria	133.863	14,6	1.948.967	10,0	6,9
Industrias extractivas	664	0,1	7.368	0,0	9,0
Industria manufacturera	128.464	14,0	1.837.188	9,5	7,0
Subministro enerxía eléctrica, gas, vapor e A.A.	392	0,0	5.428	0,0	7,2
Sum. agua, act. saneam., xestión de residuos e descontaminación	4.343	0,5	98.983	0,5	4,4
Construción	44.450	4,9	1.147.721	5,9	3,9
Servizos	708.630	77,4	13.459.472	69,4	5,3
Comercio por xunto e polo miúdo, reparación vehículos motor.	104.791	11,4	1.951.724	10,1	5,4
Transporte e almacenamento	85.936	9,4	1.121.436	5,8	7,7
Hostalería	204.565	22,3	3.778.608	19,5	5,4
Información e comunicación	14.638	1,6	408.170	2,1	3,6
Actividades financeiras e seguros	4.641	0,5	91.763	0,5	5,1
Actividades inmobiliarias	1.046	0,1	48.391	0,2	2,2
Activ. prof. cient.e tecn.	24.600	2,7	575.724	3,0	4,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	76.951	8,4	1.868.928	9,6	4,1
Admón. publ. def. e sso.	20.319	2,2	459.036	2,4	4,4
Educación	30.823	3,4	586.827	3,0	5,3
Activ. san. e serv. soc.	44.983	4,9	1.184.241	6,1	3,8
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento.	60.614	6,6	818.920	4,2	7,4
Outros servizos	24.067	2,6	331.800	1,7	7,3
Actividades do fogar	10.564	1,2	229.470	1,2	4,6
Act. de organiz. e organismos extra-territoriais	92	0,0	4.434	0,0	2,1
Total	915.628	100	19.396.928	100	4,7

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal, *Estadística de contratos*

2.1.27.

Contratos de posta a disposición nas CC.AA. 2015-16 ⁽¹⁾

	2015		2016		16/15
		(%)		(%)	
Andalucía	328.970	10,6	400.673	11,9	71.703
Aragón	107.434	3,5	124.116	3,7	16.682
Asturias	41.216	1,3	41.071	1,2	- 145
Baleares	18.941	0,6	23.057	0,7	4.116
Canarias	107.554	3,5	110.705	3,3	3.151
Cantabria	38.775	1,2	50.498	1,5	11.723
Castela - A Mancha	91.066	2,9	97.814	2,9	6.748
Castela e León	151.484	4,9	168.904	5,0	17.420
Cataluña	562.848	18,1	603.760	17,9	40.912
C. Valenciana	430.686	13,9	424.485	12,6	- 6.201
Extremadura	11.568	0,4	12.047	0,4	479
Galicia	121.178	3,9	138.591	4,1	17.413
A Coruña	43.028	1,4	53.838	1,6	10.810
Lugo	8.015	0,3	7.880	0,2	- 135
Ourense	6.473	0,2	6.731	0,2	258
Pontevedra	63.662	2,0	70.142	2,1	6.480
Madrid	446.849	14,4	479.560	14,3	32.711
Murcia	373.134	12,0	402.579	12,0	29.445
Navarra	93.702	3,0	97.831	2,9	4.129
País Vasco	153.943	5,0	161.076	4,8	7.133
A Ríoxa	29.419	0,9	28.368	0,8	- 1.051
Ceuta e Melilla	24	0,0	33	0,0	9
Total	3.108.791	100	3.365.168	100	256.377

(1) 2015: 5 datos definitivos, e 2016: provisionais

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Empresas de trabajo temporal*

2.1.28.

Contratos de trabajo en Galicia 2008-16 distribución segundo modalidade do contrato

	Total	A tempo completo	A tempo parcial	Fixo discontinuo
			(%)	
2008	794.170	75,2	24,2	0,6
2009	683.131	72,7	26,6	0,6
2010	680.624	71,2	28,2	0,6
2011	671.449	68,4	30,9	0,6
2012	693.365	63,2	36,3	0,6
2013	706.778	62,7	36,7	0,5
2014	786.193	62,9	36,6	0,5
2015	877.834	63,0	36,5	0,5
2016	944.114	62,3	37,1	0,6
16/15 (%)	7,6	6,3	9,4	34,6

Fonte: IGE

2.1.29.

Poboación inactiva en Galicia e España 2008-16 ⁽¹⁾: distribución segundo sexo e clase de inactividade

	2008	Galicia 2015	2016	2016/08
	(en miles de persoas)			(%)
Total	1.086,3	1.097,5	1.093,7	0,7
Homes	422,8	467,4	467,1	10,5
Mulleres	663,5	630,1	626,7	-5,5
Estudiante	147,9	144,0	142,2	-3,9
Homes	65,5	71,1	69,4	6,0
Mulleres	82,4	72,9	72,8	-11,7
Xubilado	468,4	506,2	512,1	9,3
Homes	263,3	290,1	293,3	11,4
Mulleres	205,2	216,1	218,8	6,6
Labores do fogar	240,0	213,4	212,6	-11,4
Homes	21,6	28,4	31,3	44,9
Mulleres	218,4	185,0	181,3	-17,0
Incapacidade permanente	111,8	91,6	86,0	-23,1
Homes	50,8	47,6	43,7	-14,0
Mulleres	61,0	44,0	42,3	-30,7
Perceptor de pensión distinta á de xubilac./prexubilac.	97,6	123,9	123,8	26,8
Homes	8,6	16,6	17,8	107,0
Mulleres	89,0	107,3	106,0	19,1
Outra	20,5	18,4	17,0	-17,1
Homes	13,0	13,6	11,6	-10,8
Mulleres	7,5	4,9	5,4	-28,0

	2008	España 2015	2016	2016/08
	(en miles de persoas)			(%)
Total	15.324,6	15.575,5	15.708,8	2,5
Homes	5.747,8	6.433,6	6.540,3	13,8
Mulleres	9.576,7	9.141,9	9.168,5	-4,3
Estudiante	2.259,2	2.491,7	2.551,9	13,0
Homes	1.049,9	1.226,1	1.262,6	20,3
Mulleres	1.209,3	1.265,6	1.289,3	6,6
Xubilado	5.181,3	5.968,7	6.089,9	17,5
Homes	3.503,7	3.901,8	3.964,6	13,2
Mulleres	1.677,6	2.067,0	2.125,3	26,7
Labores do fogar	4.606,3	3.791,9	3.784,6	-17,8
Homes	285,6	356,5	377,9	32,3
Mulleres	4.320,8	3.435,5	3.406,7	-21,2
Incapacidade permanente	1.099,8	1.207,7	1.208,3	9,9
Homes	472,9	560,8	557,1	17,8
Mulleres	627,0	646,9	651,2	3,9
Perceptor de pensión distinta á de xubilac./prexubilac.	1.796,6	1.768,5	1.749,1	-2,6
Homes	170,5	161,6	163,7	-4,0
Mulleres	1.626,0	1.606,9	1.585,4	-2,5
Outra	381,3	347,0	325,1	-14,7
Homes	265,2	226,9	214,4	-19,2
Mulleres	116,1	120,1	110,7	-4,7

(1) en medias anuais
Fonte: INE, EPA

2.1.30.

mentres que o 26,7% son contratos a tempo parcial. Estes últimos contratos representan o 48,6% dos contratos rexistrados polas mulleres.

Poboación inactiva

A poboación economicamente inactiva comprende a aquelas persoas que se ocupan do seu fogar; estudantes;

xubilados ou prexubilados; persoas que perciben unha pensión distinta da de xubilación e de prexubilación; persoas que realizan, sen remuneración, traballos sociais, actividades de tipo benéfico (excluídas as que son axudas familiares); incapacitados para traballar; e outras situacións: en xeral, persoas que, sen exercer actividade económica, reciben axuda pública ou privada, e todas aquelas non incluídas nas categorías anteriores.

Tras tres anos de crecemento, o número de persoas inactivas descende en Galicia no ano 2016 un 0,3% en relación ao ano anterior para situarse en 1.093.700 persoas, o 7% do total estatal. Este descenso prodúcese tanto nos homes como nas mulleres, se ben de xeito moito máis intenso nas mulleres; nos distintos grupos de idade, agás nos maiores de 55 anos; e se concentra no menor número de persoas con incapacidade permanente.

No concernente á clase principal de inactividade, en Galicia tan só se produciron incrementos no número de persoas xubiladas, que tras unha medra de 5.900 representan o 46,8% da poboación inactiva (635.900 persoas), porcentaxe significativamente superior á media estatal (38,8%). A segunda causa máis importante é a de persoas dedicadas ás labores do fogar, que representa o 19,4% da poboación inactiva (212.600 persoas), case cinco puntos menos en España, seguido polos estudantes, que representan o 13% (142.200 persoas), case tres puntos porcentuais menos que no Estado.

Cómpre destacar que en Galicia o 85,6% das persoas inactivas debido a que se dedican ás “labores de fogar” son mulleres (181.300 persoas), case cinco puntos porcentuais menos que no conxunto do Estado, mentres que pola contra, o peso relativo dos xubilados é do 42,7% (218.800 mulleres), case oito puntos por riba da media estatal (**cadro 2.1.30.**).

Finalmente, se se analizan os motivos de non buscar emprego, cómpre salientar o importante descenso das persoas que creen que non van a atopar emprego, con 8.000 persoas menos que no ano anterior, así como a continua caída das persoas que afirman ter outras responsabilidades familiares ou persoais, con 5.100 inactivos menos. No ano 2016 o motivo máis importante para non buscar emprego é o de estar xubilado, con 270.300 persoas (24,7%), seguido polo de estar cursando estudos ou recibindo formación, con 138.500 persoas (12,7%) e de enfermidade ou incapacidade permanente, con 124.800 persoas (11,4%).

Na súa desagregación segundo sexos, noventa e dous de cada cen inactivos por coidado de nenos ou de adultos enfermos, discapacitados ou maiores son mulleres (30.600 persoas), sendo esta relación de oitenta e nove

de cada cen no caso de ter outras responsabilidades familiares ou persoais (60.700 mulleres). Atendendo á evolución respecto ao ano anterior, as principais causas do descenso entre os homes son o relativo á formación, con 2.100 persoas menos, e o de crer que non vai atopar emprego, con 1.900 menos, mentres que entre as mulleres salientan as de crer que non van atopar emprego e o de ter outras responsabilidades familiares ou persoais, con 6.100 e 5.300 persoas menos, respectivamente. 

2.2.

Relacións laborais e formación

Ao longo do presente capítulo analízanse os datos referidos á evolución das relacións laborais, á seguridade e saúde no traballo e ás políticas de formación para o emprego en Galicia.

Dentro dos indicadores da situación e evolución do mercado laboral, e, en concreto dentro do ámbito das **relacións laborais**, salientan os aspectos relativos á evolución da negociación colectiva, á redución da conflictividade laboral, no que respecta á participación en folgas, e á evolución dos expedientes de regulación de emprego, sendo salientable neste ámbito, o incremento experimentado no caso dos expedientes de despidos colectivos, con 610 persoas afectadas máis en relación ao ano anterior (56%).

• Negociación colectiva

Seguindo coa tendencia de anos anteriores, en 2016 aumentou o número de convenios colectivos existentes en Galicia, xa sexan vixentes ou prorrogados tacitamente. Tal como mostra o **cadro 2.2.1.**, a 31 de decembro de 2016 os convenios colectivos ascendeu a 945, 29 máis que na mesma data do ano anterior. Ao igual que sucedera en 2015, o devandito incremento é debido ao aumento no número de convenios de empresa

(823 convenios de empresa no último ano), xa que o número de convenios de sector mantense inalterado (122 convenios). Segundo os datos do Consello Galego de Relacións Laborais, estes convenios afectan a 423.907 traballadores, o que supón unha medra superior a 11.300 persoas en relación ao ano anterior.

A pesar da medra do número de convenios colectivos asinados en Galicia con efectos para 2016 (115 convenios no último ano) volve a descender o número de traballadores afectados por estes convenios, que se sitúa en 39.150 persoas, 4.201 menos que no ano 2015. Asemade, revisáronse un total de 16 convenios colectivos que afectan a 45.252 persoas traballadoras (15.208 persoas menos que no ano anterior). Segundo se reflicte no **cadro 2.2.2.**, dos 131 convenios asinados ou revisados, 20 corresponden a convenios de ámbito sectorial e afectan a 68.365 persoas e 98 son de empresa e afectan a 16.037 traballadores.

En 2016 asináronse por primeira vez un total de 31 convenios, dez máis que no ano anterior, sendo todos eles convenios de empresa. As provincias de A Coruña e Pontevedra acollen un total de trece convenios cada unha, rexistrándose tres en Lugo e dous en Ourense. Xunto ao devandito incremento dos convenios nego-

Convenios colectivos existentes 2015-16 ⁽¹⁾

2015						
	Total	C.A. / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	916	67	311	107	92	339
Sector	122	17	30	23	20	32
Empresa	794	50	281	84	72	307

2016						
	Total	C.A. / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	945	67	324	110	92	352
Sector	122	17	30	23	20	32
Empresa	823	50	294	87	72	320

(1) convenios colectivos, vixentes ou prorrogados tacitamente, a 31 de decembro de cada ano; no total inclúense tamén acordos reguladores

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais, *Observatorio da negociación colectiva*

2.2.1.

Convenios colectivos e revisións salariais negociados con efectos para 2015-16

2015								
	Total convenios		Asinados		Revisados		Negociados por 1ª vez	
	nº	trabajadores	nº	trabajadores	nº	trabajadores	nº	trabajadores
Total	138	104.442	97	43.351	20	60.460	21	631
Sector	19	95.289	10	36.269	9	59.020	-	-
Empresa	119	9.153	87	7.082	11	1.440	21	631

2016								
	Total convenios		Asinados		Revisados		Negociados por 1ª vez	
	nº	trabajadores	nº	trabajadores	nº	trabajadores	nº	trabajadores
Total	162	85.121	115	39.150	16	45.252	31	719
Sector	20	68.365	15	24.224	5	44.141	-	-
Empresa	142	16.756	100	14.926	11	1.111	31	719

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais, *Observatorio da negociación colectiva*

2.2.2.

ciados por primeira vez, o número de traballadores afectados ascende ata as 719 persoas, 88 máis que no ano anterior.

Tres de cada catro convenios asinados no último ano (87 convenios) recollen un "pacto de ultraactividade", entendido este como o mantemento das condicións pactadas nos convenios colectivos, pese á finalización da súa vixencia; trátase por tanto da prórroga destas condicións, durante o lapsus temporal que comprende o período que transcorre entre o fin da vixencia dos convenios colectivos e durante o período de negociación previo á aprobación dun novo convenio colectivo. Esta rateo sitúase en 72 de cada cen no caso dos convenios de empresa (72 convenios) en tanto que os

quinze convenios de ámbito sectorial recollen este pacto.

O 7,1% dos convenios colectivos existentes no último ano (67 convenios) teñen un ámbito de aplicación superior ao provincial. Por outra banda, os convenios colectivos de ámbito estatal con aplicación en Galicia asinados ou revisados no ano 2016 ascenderon a 70 (51 empresa e 19 de ámbito sectorial) e afectan a un total de 52.704 persoas (8.076 e 44.628 traballadores, respectivamente).

O incremento salarial medio pactado nos convenios asinados ou revisados en 2016 –calculado en base ao incremento salarial en porcentaxe indicado nos

Xornada media pactada na negociación colectiva 2015-16: distribución segundo sector económico

	2015	2016
	(en horas / ano)	
Total	1.750,90	1.737,88
Agricultura e pesca (1)	1.784,00	-
Industria	1.766,48	1.738,55
Construción	1.736,49	1.736,80
Servizos	1.784,91	1.742,16

(1) non se asinaron convenios neste sector no 2016

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais, *Observatorio da negociación colectiva*

2.2.3.

Tempo traballado nas CC.AA. 2008-16 ⁽¹⁾: distribución segundo sector

	2008				2016			
	Total (2)	Industria	Construción	Servizos	Total (2)	Industria	Construción	Servizos
	(en horas pactadas/traballador/mes)							
Andalucía	154,8	164,8	166,9	150,3	147,0	161,1	162,5	143,9
Aragón	156,4	165,6	165,9	151,1	148,0	165,5	161,9	142,1
Asturias	154,4	164,1	166,5	149,3	149,1	161,5	166,5	144,9
Baleares	155,2	162,9	165,0	152,7	151,1	158,6	164,1	149,3
Canarias	160,2	167,1	168,8	158,1	150,4	163,3	162,8	148,9
Cantabria	155,8	163,8	168,0	150,7	151,5	162,7	165,3	147,8
Castela-A Mancha	157,3	166,3	169,4	151,1	147,4	163,2	162,2	141,9
Castela e León	153,3	165,7	168,6	146,8	147,7	164,0	161,8	142,4
Cataluña	156,4	165,5	165,5	152,4	149,7	165,5	159,5	145,7
C. Valenciana	157,3	164,9	165,2	153,2	147,2	161,9	163,7	142,4
Extremadura	156,6	165,9	167,2	152,8	145,0	159,8	162,3	141,8
Galicia	156,4	165,6	168,4	151,1	151,0	163,2	166,6	146,6
Madrid	158,1	165,1	167,3	155,9	153,7	165,6	164,5	152,0
Murcia	154,6	166,0	167,2	148,5	150,3	160,7	162,1	146,9
Navarra	151,7	161,9	163,6	144,1	145,8	162,1	162,6	137,3
País Vasco	151,5	158,7	163,2	147,1	147,2	160,9	161,5	142,3
A Ríoxa	153,7	168,1	167,4	144,0	147,8	165,2	165,9	139,6
Total	156,1	164,7	166,7	152,2	149,5	163,3	162,8	146,0

(1) media dos 4 trimestres do ano

(2) seccións B-S da CNAE-2009

Fonte: INE, *Encuesta trimestral de coste laboral*

2.2.4.

convenios e tendo en conta as cláusulas de revisión salarial pactadas nos convenios asinados e revisados nese ano– foi do 0,97%. Este incremento é inferior, a diferenza do que acontecía nos dous anos anteriores, ao IPC real de Galicia, que ascendeu ata o 1,6%.

O CGRL reflicte que o 13,9% dos convenios asinados e o 18,8% dos revisados teñen cláusulas de revisión salarial. Tendo en conta o número de persoas traballadoras ás que afectan estas cláusulas, as porcentaxes son do 21,8% nos convenios asinados e do 3,2% nos revisados.

A xornada media pactada en Galicia –tense en conta só os convenios que a regulan de xeito anual– volve a descender no último ano para situarse nas 1.737,9 horas/ano, o que supón unha redución de 15 horas/ano en relación 2015. Como ven acontecendo en anos anteriores, a xornada en convenios de empresa é máis reducida que nos de sectores (1.733 horas fronte a 1.738,9 horas, respectivamente). A nivel sectorial, o **cadro 2.2.3.** indica que o sector servizos mantense como a actividade cunha maior xornada media pactada, con 1.742,2 horas, por diante da industria e da construción, con 1.738,6 e 1.736,8 horas, respectiva-

Tempo de traballo segundo traballador e mes en Galicia e España 2015-16: distribución segundo tipo de xornada e sectores de actividade

2015								
	Total		Industria		Construción		Servizos	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Horas pactadas								
Total traballadores	149,7	152,5	163,2	163,4	163,3	167,7	146,3	148,3
Traballadores a tempo completo	168,6	169,3	170,4	171,3	170,9	171,1	167,9	168,5
Traballadores a tempo parcial	88,2	86,0	91,2	92,8	85,2	71,4	88,0	85,5
Horas pagadas								
Total traballadores	150,1	152,6	163,9	164,0	163,7	168,2	146,6	148,3
Traballadores a tempo completo	168,9	169,4	171,2	171,9	171,3	171,7	168,1	168,4
Traballadores a tempo parcial	88,6	86,3	91,3	92,7	84,8	71,4	88,5	85,9
Horas efectivas								
Total traballadores	129,1	131,1	139,4	139,2	144,0	148,2	126,2	127,4
Traballadores a tempo completo	144,8	145,1	145,2	145,6	150,5	151,1	144,2	144,2
Traballadores a tempo parcial	78,1	75,8	80,7	81,8	76,8	66,5	78,0	75,4
Horas non traballadas								
Total traballadores	21,2	21,9	24,9	25,4	20,0	20,0	20,6	21,2
Traballadores a tempo completo	24,5	24,7	26,3	27,0	21,1	20,6	24,3	24,6
Traballadores a tempo parcial	10,6	10,5	10,7	11,0	8,3	4,8	10,6	10,6
Horas extras por traballador								
Total traballadores	0,6	0,4	1,0	0,8	0,5	0,6	0,5	0,3
Traballadores a tempo completo	0,6	0,4	1,1	0,9	0,6	0,6	0,5	0,2
Traballadores a tempo parcial	0,5	0,4	0,2	0,0	0,0	0,0	0,5	0,4
2016								
	Total		Industria		Construción		Servizos	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Horas pactadas								
Total traballadores	149,5	151,0	163,3	163,2	162,8	166,6	146,0	146,6
Traballadores a tempo completo	168,6	169,1	170,4	171,0	170,8	171,2	168,1	168,3
Traballadores a tempo parcial	88,0	86,3	90,8	98,8	84,2	77,9	87,9	85,2
Horas pagadas								
Total traballadores	149,8	151,2	164,1	163,9	163,3	166,8	146,2	146,7
Traballadores a tempo completo	169,0	169,3	171,2	171,8	171,3	171,4	168,2	168,2
Traballadores a tempo parcial	88,5	86,7	91,0	99,0	84,2	77,9	88,4	85,6
Horas efectivas								
Total traballadores	128,8	129,6	139,5	138,6	143,8	146,9	125,7	125,9
Traballadores a tempo completo	144,7	144,7	145,3	144,9	150,7	150,7	144,0	144,0
Traballadores a tempo parcial	77,7	76,0	80,4	85,8	76,6	72,5	77,6	75,1
Horas non traballadas								
Total traballadores	21,3	21,8	24,8	25,9	19,6	20,1	20,8	21,0
Traballadores a tempo completo	24,6	24,9	26,2	27,4	20,8	20,8	24,6	24,7
Traballadores a tempo parcial	10,8	10,7	10,7	13,3	7,7	5,4	10,9	10,5
Horas extras por traballador								
Total traballadores	0,6	0,4	1,0	0,9	0,6	0,3	0,5	0,3
Traballadores a tempo completo	0,6	0,4	1,1	1,0	0,6	0,4	0,5	0,3
Traballadores a tempo parcial	0,5	0,4	0,2	0,3	0,0	-	0,6	0,4

Fonte: INE, Encuesta trimestral de coste laboral

2.2.5.

Inaplicacións rexistradas de convenios 2015-16 ⁽¹⁾

	2015				2016									
	Total		Total		C.A. / Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		F	
	número	traball.	número	traball.	número	traball.	número	traball.	número	traball.	número	traball.		número
Total	104	1.921	62	1.298	5	469	18	283	4	172	6	35		
agricultura	-	-	1	18			1	18						
industria	17	477	12	245			3	132			2	7		
construción	12	44	5	29			2	7			1	1		
servizos	75	1.400	44	1.006	5	469	12	126	4	172	3	27		
número de traballadores														
0-5	51		30				11		2		4			
6-30	40		21				5				2			
31-49	8		6		3		1		1					
50-100	1		2		1									
101-250	2		2				1		1					
251-500	2		1		1									
máis de 500	-		-											

(1) estas inaplicacións corresponden tan só a aqueles convenios de ámbito de comunidade autónoma ou provincial
Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

2.2.6.

mente. Asemade, cómpre mencionar que no ano 2016 non se asinaron convenios no sector primario.

Comparada co resto das Comunidades Autónomas, a Enquisa trimestral do custo laboral reflicte que Madrid segue sendo a Comunidade Autónoma co maior número de horas pactadas por traballador e mes, con 153,7 horas, seguidos por Cantabria, Baleares e Galicia, que superan lixeiramente as 151 horas mensuais. No que á distribución sectorial se refire, Galicia é a Comunidade Autónoma onde o sector da construción presenta o maior número de horas pactadas, con 166,6 horas (162,8 no conxunto do Estado) (**cadro 2.2.4.**).

En relación ao tempo de traballo, o número de horas mensuais efectivamente traballadas, entendidas como as realmente traballadas tanto en períodos normais de traballo como en xornadas extraordinarias incluíndo as horas perdidas no lugar de traballo, acadan en Galicia as 129,6 horas no ano 2016 (131,1 no ano anterior), fronte ás 128,8 horas no conxunto do Estado (129,1 horas no ano 2015). Os traballadores a tempo completo teñen en Galicia 144,7 horas efectivamente traballadas (144,7 horas de media en España) e os traballadores a tempo parcial, un total de 76 horas ao mes (77,7 horas no conxunto do Estado).

Seguindo a tendencia de anos anteriores, o **cadro 2.2.5.** amosa que a construción é o sector de actividade con

máis horas pactadas, pagadas e efectivas, seguido pola industria e os servizos.

A pesar da redución do número de horas efectivamente traballadas, o custo total por hora incrementase un 1,2%, acadando un valor monetario de 17,37 euros, fronte aos 19,77 euros de media en España. O custo salarial ordinario por hora medra un 1,1%, situándose tamén por baixo da media estatal (11,18 euros e 12,74 euros, respectivamente).

Un último aspecto a ter en conta á hora de analizar os convenios colectivos é a súa inaplicación. Segundo os datos do CGRL, o significativo descenso do número de inaplicacións de convenios no ano 2016 (62 fronte aos 104 do ano anterior) vai acompañado dunha redución do número de traballadores afectados, que se sitúa en afectaron a 1.298 persoas traballadoras, un 32,4% menos que no ano anterior. No sector servizos rexístráronse 44 inaplicacións, seguido pola industria con 12, afectando a 1.006 e 245 persoas traballadoras respectivamente. Como amosa o **cadro 2.2.6.**, case a metade das inaplicacións de convenios rexistradas prodúcense nas empresas de cinco ou menos traballadores e un terzo en empresas de seis a trinta traballadores.

No concernente á regulación de emprego, e a diferenza do acontecido dende o comezo da recuperación económica, no ano 2016 aumenta en Galicia o número de

**Traballadores afectados polos expedientes de regulación de emprego
autorizados nas CC.AA. 2015-16**

	2015		2016	
	Galicia	España	Galicia	España
Total	6.615	100.522	6.686	86.576
Despidos colectivos	1.089	24.572	1.699	24.348
Suspensión de contratos	4.494	62.298	4.303	53.658
Reducción de jornada	1.032	13.652	684	8.570

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Estadística de regulación de empleo*

2.2.7.

Procedementos de regulación de emprego 2015-16 ⁽¹⁾

	Pactados			Non pactados			Sen período de consultas		
	2015	2016	16/15	2015	2016	16/15	2015	2016	16/15
Galicia	483	255	-47,2	25	21	-16,0	105	148	41,0
A Coruña	177	66	-62,7	16	8	-50,0	35	22	-37,1
Lugo	46	22	-52,2	2	-	-100,0	3	2	-33,3
Ourense	28	14	-50,0	2	2	-	-	1	-
Pontevedra	227	147	-35,2	5	10	100,0	67	123	83,6
Autónómicos	5	6	20,0	-	1	-	-	-	-

(1) Pactados: aqueles expedientes nos que se acada un acordo no período de consultas entre empresa e a representación dos traballadores; Non pactados: aqueles nos que non se acada un acordo no período de consultas entre a empresa e a representación dos traballadores; Sen período de consultas: aqueles expedientes que se xustifican en causas de forza maior, nos que a normativa non establece a obrigatoriedade dun período de consultas.

Fonte: Consellería Economía, Emprego e Industria, *Estadísticas de expedientes de regulación de emprego*

2.2.8.

persoas traballadoras afectadas por expedientes de regulación de emprego, situándose en 6.686 persoas no último ano (7,7% do total estatal) fronte ás 6.615 do ano 2015 (6,6% de España).

Do total de persoas traballadoras afectadas, 4.303 (o 64,4%) sufriron unha suspensión do emprego, ascendendo a 1.699 e 684 traballadores afectados por despidos colectivos e redución de xornada, respectivamente (**cadro 2.2.7.**).

Os datos facilitados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria indican que o número de expedientes de regulación de emprego en Galicia volveu a descender de xeito significativo no último ano, acadando os 255 procedementos, case un 31% menos que o rexistrado no ano anterior. Asemade, descende o número de expedientes pactados e non pactados, pero se incrementa significativamente o dos procedementos sen período de consultas, que son aqueles expedientes que se xustifican en causas de forza maior, nos que a normativa non establece a obrigatoriedade dun período

de consultas, que pasan de 105 no ano 2015 a 148 no último ano (51 en 2014).

A provincia de Pontevedra, a pesar do descenso do 6,4%, segue a ser a que presenta o maior número de expedientes, con 280, seguida de A Coruña con 96 (57,9% menos que no ano anterior). Como se indica no **cadro 2.2.8.**, todas as provincias volven a presentar unha diminución do número de procedementos de regulación do emprego.

• Ingresos salariais nas fontes tributarias

A Axencia Tributaria aborda a visión do mercado laboral dende unha dobre perspectiva: a da entidade que emprega e redistribúe e a do perceptor de salarios, pensións e prestacións por desemprego. O apartado deste capítulo céntrase na óptica do perceptor e máis concretamente nos asalariados. Este colectivo está formado por aquelas persoas cuxas percepcións están declaradas na clave A (empregados por conta allea en xeral), que inclúe todas aquelas percepcións, dinerarias

Evolución do salario medio anual ⁽¹⁾ en Galicia e España 2008-2016. Distribución segundo sexos



(1) O salario medio nas fontes de carácter fiscal é un salario medio anual que se refire a un ámbito xeográfico limitado de territorio de Réxime Fiscal Común e un ámbito temporal anual, e se mide como os rendementos do traballo declarados divididos polo número de asalariados.

Fonte: Agencia Tributaria

2.2.9.

ou en especie, que teñan sido satisfeitas pola persoa ou entidade declarante en concepto de rendemento de traballo.

A referencia anual para a definición da poboación asalariada e a existencia de situacións de pluriemprego, de traballo a tempo parcial e de relacións laborais de duración inferior ao ano posibilita que un asalariado obteña, ao longo do ano, percepcións salariais de dous ou máis empresas ou entidades.

O número de asalariados nas publicacións da Agencia Tributaria difire do que se pode encontrar noutras fontes como a Enquisa de Poboación Activa, o rexistro de Afiliación á Seguridade Social ou a Contabilidade Nacional. Aparte das distintas definicións e ámbitos, o principal motivo destas diferencias é o feito que as poboacións das estatísticas baseadas en fontes fiscais son enumeracións de individuos que pasaron por unha determinada situación e non un promedio anual que é

como se soen presentar as cifras noutras estatísticas do mercado de traballo. Dito doutra forma, un individuo que só traballara un mes no ano suma 1 nas estatísticas derivadas de fontes fiscais, mentres que sumaría unha porción de asalariado equivalente a 1/12 nos datos anuais do resto de estatísticas citadas.

No concernente aos salarios tamén hai diferencias, por parecidos motivos. O salario medio nas fontes de carácter fiscal é un salario medio anual que se refire a un ámbito xeográfico limitado de territorio de Réxime Fiscal Común e un ámbito temporal anual, e se mide como os rendementos do traballo declarados divididos polo número de asalariados. A masa salarial aproximada polos rendementos do traballo ten lixeiras diferencias conceptuais coa masa salarial medida noutras fontes estatísticas. Pero sobre todo os asalariados, como se ten comentado, mídense aquí sen ter en conta o tempo que permaneceran no mercado de traballo. Deste xeito prodúcese un sesgo á baixa do salario

Asalariados (2) e salario medio por tramo salarial: 2008-2015 (1)

	2008				2015			
	Asalariados	(%)	Salario Medio Anual (euros)	(%)	Asalariados	(%)	Salario Medio Anual (euros)	(%)
De 0 a 0,5 SMI	152.228	13,4	1.851	10,4	184.164	18,5	1.806	10,1
De 0,5 a 1 SMI	131.332	11,6	6.367	35,9	131.733	13,2	6.597	37,0
De 1 a 1,5 SMI	167.344	14,7	10.651	60,1	137.316	13,8	11.458	64,2
De 1,5 a 2 SMI	221.650	19,5	14.737	83,1	163.387	16,4	15.899	89,1
De 2 a 2,5 SMI	146.661	12,9	18.678	105,3	117.837	11,8	20.238	113,4
De 2,5 a 3 SMI	84.978	7,5	22.915	129,2	71.462	7,2	24.830	139,2
De 3 a 3,5 SMI	60.406	5,3	27.250	153,6	57.354	5,8	29.434	165,0
De 3,5 a 4 SMI	44.760	3,9	31.419	177,1	40.469	4,1	33.920	190,1
De 4 a 4,5 SMI	36.111	3,2	35.621	200,8	30.400	3,1	38.477	215,7
De 4,5 a 5 SMI	26.756	2,4	39.621	223,4	19.153	1,9	42.830	240,1
De 5 a 7,5 SMI	44.097	3,9	49.837	281,0	34.399	3,5	54.030	302,9
De 7,5 a 10 SMI	12.103	1,1	71.566	403,5	8.602	0,9	76.786	430,4
Máis de 10 SMI	6.428	0,6	126.346	712,4	4.263	0,4	151.773	850,8
TOTAL	1.134.854	100	17.736	100	994.736	100	17.839	100

(1) SMI en 2008: 8.400 euros; en 2014 ascende a 9.034,20; e en 2015 a 9.080,40

(2) Asalariados; Todas aquelas persoas cuxas percepcións están declaradas na clave A (empregados por conta allea en xeral), que inclúe todas aquelas percepcións, dinerarias ou en especie, que teñan sido satisfeitas pola persoa ou entidade declarante en concepto de rendemento de traballo.
Fonte: Agencia Tributaria

2.2.10.

medio en comparación con outras estatísticas nas cales o denominador é o número de asalariados en promedio anual.

Centrándonos xa nos datos estatísticos, os ingresos salariais medios declarados en Galicia a Facenda ascenderon no ano 2015 (último ano dispoñible) ata os 17.839 euros, o 95,7% do total estatal, o que a sitúa nunha posición intermedia en relación ao resto das CC.AA. Como se aprecia no **gráfico 2.2.9.**, o salario medio aumenta en 103 euros en relación ao declarado no ano 2008, motivado por un descenso do 12,3% dos asalariados e dun 11,8% da masa salarial. Por contra, no conxunto do Estado o salario medio descende en 351 euros tendo en conta que o descenso da masa salarial é superior ao do número de asalariados (11,8% e 10,2%, respectivamente).

Atendendo á desagregación segundo sexos, tanto en Galicia como no Estado o ingreso salarial medio bruto das mulleres é inferior ao dos homes. En Galicia os homes declaran un ingreso medio de 19.899 euros, o 95,8% da media estatal, en tanto que o das mulleres ascende ata os 15.501 euros, o 96% da percepción salarial media das mulleres en España. Tanto en Galicia como no Estado o diferencial entre homes e mulleres mantense no último ano en torno ao 28,5%.


Comparado co declarado en 2008, os ingresos salariais

brutos declarado polos homes descende tanto en Galicia como en España, sendo esta caída moito máis acusada no conxunto do Estado que na Comunidade Autónoma (3,8% e 0,2%, respectivamente). Por contra, o ingreso medio das mulleres medra máis en Galicia que en España tanto en termos absolutos como relativos, situándose este incremento no 4,3% (645 euros) en Galicia e no 3,3% (523 euros) no Estado.

A análise da distribución das persoas asalariadas segundo os seus ingresos salariais medios en relación ao Salario Mínimo Interprofesional (SMI) reflicte importantes diferencias. Como se desprende do **cadro 2.2.10.**, o 62% dos asalariados percibiron en 2015 uns ingresos inferiores ao salario medio en Galicia, sendo esta porcentaxe case tres puntos porcentuais superior á de 2008 (59,3%). Cómpre destacar que o 18,5% dos asalariados declara unha percepción salarial inferior á metade do SMI, o que equivale a 1.806 euros anuais, o que contrasta co 0,4% de persoas asalariadas que declaran uns ingresos salariais de máis de dez veces o SMI.

Comparado coa situación do ano 2008, mentres que o número de asalariados totais descende 12,3%, os únicos tramos salariais onde aumentou o número de asalariados foron os de ingresos inferiores á metade do SMI e en menor medida naqueles cuns ingresos entre 0,5 e 1 do SMI. Entre 2008 e 2015 hai case 32.000 asa-

Salario medio 2008 e 2015. Distribución segundo grupo de idade



(1) Salario Mínimo Interprofesional 2008: 8.400 euros; Salario Mínimo Interprofesional 2015: 9.080,40 euros
Fonte: Agencia Tributaria

2.2.11.

Asalariados (1) e salario medio por sectores: 2009-2015

	2009				2015			
	Asalariados	(%)	Salario Medio Anual	(%)	Asalariados	(%)	Salario Medio Anual	(%)
Agricultura, gandería, selvicultura e pesca	22.570	2,1	13.807	75,8	25.189	2,5	14.184	79,5
Industria extractiva, enerxía e auga	17.432	1,6	24.009	131,8	11.485	1,2	28.060	157,3
Industria	155.134	14,2	18.853	103,5	127.357	12,8	19.970	111,9
Construción e actividades inmobiliarias	132.698	12,1	16.361	89,8	77.180	7,8	16.851	94,5
Comercio, reparación e transportes	234.185	21,4	15.586	85,6	218.067	21,9	16.588	93,0
Información e comunicacións	24.513	2,2	21.111	115,9	19.064	1,9	22.607	126,7
Entidades financeiras e aseguradoras	29.705	2,7	31.938	175,3	23.869	2,4	30.501	171,0
Servizos ás empresas	120.271	11,0	14.326	78,6	120.746	12,1	14.068	78,9
Servizos sociais	259.149	23,7	24.510	134,5	257.109	25,8	22.452	125,9
Outros servizos persoais e de lecer	96.773	8,9	9.128	50,1	114.670	11,5	8.491	47,6
TOTAL	1.092.431	100	18.217	100	994.736	100	17.839	100

(1) Asalariados; Todas aquelas persoas cuxas percepcións están declaradas na clave A (empregados por conta allea en xeral), que inclúe todas aquelas percepcións, dinerarias ou en especie, que teñan sido satisfeitas pola persoa ou entidade declarante en concepto de rendemento de traballo.
Fonte: Agencia Tributaria

2.2.12.

lariados máis que declaran ingresos salariais inferiores á metade do SMI, reducíndose lixeiramente as súas percepcións salariais medios anuais. No extremo oposto, descende o número de persoas que cobran dez veces máis que o SMI aínda que aumenta os seus ingresos salariais medios. Asemade, cómpre destacar o aumento das diferencias salariais entre os dous extremos da serie, xa que en 2008 o ingreso medio das persoas que máis declaran equivale a 68 veces o dos que menos, mentres que en 2015 esta proporción era de 84 veces (75 no ano 2014).

No que se refire á distribución segundo grupos de idade, o gráfico 2.2.11. amosa que o ingreso salarial medio experimenta unha tendencia crecente ata a

idade de xubilación. Xusto antes da mesma o ingreso medio ascendía ata os 23.541 euros en 2015, contía que é 1,7 veces máis que unha persoa cunha idade entre 26 e 25 anos (3,9 veces se a comparación se fai con persoas de 18 a 25 anos). Tendo en conta que o salario mínimo interprofesional en 2015 ascende a 9.080,40 euros, os menores de 25 anos ingresan menos que o SMI, cando no ano 2008 isto só acontecía nos menores de 18 anos.

O ingreso salarial medio do ano 2015 é inferior ao declarado no ano 2008 en todos os grupos agás no de 56 a 65 anos (165 euros máis). Cómpre resaltar o elevado diferencial existente nas persoas maiores de 65 anos, cunha redución de máis do 40% (6.271 euros menos),

Folgas nas CC.AA. 2015-16

	2015				2016			
	traballadores participantes	xornadas non traballadas			traballadores participantes	xornadas non traballadas		
		(%)		(%)			(%)	(%)
Andalucía	9.287	5,4	22.567	4,5	13.205	7,2	36.656	9,4
Aragón	7.546	4,4	10.472	2,1	4.646	2,5	13.058	3,4
Asturias	4.105	2,4	12.609	2,5	1.425	0,8	2.250	0,6
Baleares	754	0,4	1.356	0,3	251	0,1	590	0,2
Canarias	1.084	0,6	3.141	0,6	1.012	0,6	2.926	0,8
Cantabria	1.346	0,8	4.146	0,8	714	0,4	1.448	0,4
Castela-A Mancha	7.503	4,4	17.904	3,6	1.384	0,8	2.754	0,7
Castela e León	4.613	2,7	12.907	2,6	2.833	1,5	4.283	1,1
Cataluña	71.052	41,7	196.373	39,5	59.512	32,5	94.449	24,3
C. Valenciana	6.642	3,9	16.971	3,4	2.417	1,3	11.166	2,9
Extremadura	848	0,5	6.357	1,3	303	0,2	920	0,2
Galicia	20.342	11,9	36.230	7,3	11.866	6,5	17.365	4,5
Madrid	17.522	10,3	96.450	19,4	64.135	35,0	117.942	30,3
Murcia	4.560	2,7	29.478	5,9	1.557	0,9	5.100	1,3
Navarra	1.930	1,1	10.721	2,2	4.264	2,3	18.881	4,9
País Vasco	10.847	6,4	18.862	3,8	13.579	7,4	59.095	15,2
A Ríoxa	426	0,2	713	0,1	17	0,0	29	0,0
Ceuta e Melilla	121	0,1	226	0,0	-	-	-	-
Total	170.528	100	497.483	100	183.120	100	388.912	100

(1) o total de folgas non coincide coa suma das CC.AA. porque a cada provincia se lle asigna, ademais das folgas do seu propio ámbito territorial, as folgas de ámbito autonómico e estatal.

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Estadística de huelgas y cierres patronales*

2.2.13.

así como a declarada no caso das persoas menores de 25 anos, con 2.622 euros menos (30,3%).

Finalmente, no que á distribución segundo ramas de actividade se refire, o **cadro 2.2.12.** indica que a actividade con ingresos salariais medios máis altos segue senso a das entidades financeiras e aseguradoras, con 30.501 euros (4,5% menos que en 2009), máis do dobre do declarado no sector primario, cun salario medio de 14.184 euros brutos anuais (2,7% máis que en 2009).

Cinco ramas de actividade presentan uns ingresos salariais medios superiores ao salario medio anual en Galicia: industria extractiva, enerxía e auga; industria; información e comunicacións; entidades financeiras e aseguradoras; e servizos sociais. Esas cinco actividades concentran o 44,1% dos asalariados en 2015, porcentaxe moi similar ao de 2009 (44,5%).

• Conflitividade laboral

No ano 2016 continúa a tendencia descendente do número de traballadores participantes en folgas, así como tamén o número de xornadas non traballadas, en base aos datos proporcionados polo Ministerio de Empleo e Seguridade Social.

Case doce mil persoas participaron en Galicia nalgunha folga, un 41,7% menos que no ano anterior, superando as xornadas non traballadas por causa das folgas as dezaoito mil, un 52,1% menos que as rexistradas en 2015. Tras esta evolución, Galicia acolle o 6,5% dos traballadores participantes en folgas en España e o 4,5% das xornadas non traballadas (11,9% e 7,3% respectivamente no ano anterior).

Tras esta redución, Galicia sitúase en 2016 como a quinta Comunidade Autónoma, por detrás de Madrid, Cataluña, País Vasco e Andalucía, en número de traballadores participantes en folgas e en número de xornadas non traballadas.

Seguridade e saúde no traballo

O mencionado crecemento da economía galega por riba do 3% e a devandita mellora da ocupación en termos agregados, foi acompañado por un lixeiro descenso do número de accidentes laborais. En 2016 o número total de accidentes de traballo con baixa en xornada laboral en Galicia acadou os 24.994, un 0,7% menos que no ano anterior.

O devandito descenso prodúcese en todas as provincias galegas agás en A Coruña, onde estes accidentes de tra-

Accidentes de traballo con baixa en xornada de traballo 2015-16: distribución segundo a gravidade e sector económico

	Totais			Leves			Graves			Mortais		
	2015	2016	16/15 (%)	2015	2016	16/15 (%)	2015	2016	16/15 (%)	2015	2016	16/15 (%)
Total	25.163	24.994	-0,7	24.708	24.441	-1,1	397	496	24,9	58	57	-1,7
A Coruña	11.316	11.438	1,1	11.132	11.230	0,9	158	186	17,7	26	22	-15,4
Lugo	2.791	2.701	-3,2	2.738	2.625	-4,1	48	62	29,2	5	14	180,0
Ourense	2.743	2.633	-4,0	2.687	2.579	-4,0	46	49	6,5	10	5	-50,0
Pontevedra	8.313	8.222	-1,1	8.151	8.007	-1,8	145	199	37,2	17	16	-5,9
Sectores												
Agricultura	1.311	1.202	-8,3	1.247	1.142	-8,4	61	55	-9,8	3	5	66,7
Pesca	993	1.062	6,9	947	992	4,8	36	58	61,1	10	12	20,0
Industria	7.232	7.282	0,7	7.124	7.163	0,5	95	108	13,7	13	11	-15,4
Construción	3.124	2.901	-7,1	3.038	2.811	-7,5	76	85	11,8	10	5	-50,0
Servizos	12.503	12.547	0,4	12.352	12.333	-0,2	129	190	47,3	22	24	9,1

Fonte: Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, *Información estatística de siniestralidade laboral*

2.2.14.

ballo medran un 1,1% en relación ao ano anterior. Ourense e Lugo son as que presentan os maiores descensos, cun -4,0% e -3,2%, respectivamente, situándose esta porcentaxe no -1,1% en Pontevedra. Tras esta evolución, A Coruña rexistra un total de 11.438 accidentes con baixa en xornada de traballo, por diante de Pontevedra, con 8.222 accidentes (**cadro 2.2.14.**).

A redución do número de accidentes rexistrouse tanto no caso dos accidentes leves como mortais, aumentando por contra o número de accidentes graves. Neste senso, os accidentes leves redúcense en Galicia un 1,1% (267 accidentes menos), os mortais fixérono nun 1,7% (1 menos) mentres que os accidentes graves aumentan case un 25% (99 accidentes máis).

A distribución do número de accidentes e a súa gravidade por sectores segue sendo dispar. O sector servizos mantense como a actividade con maior número de accidentes laborais con baixa en xornada de traballo en Galicia, ao concentrar a metade dos accidentes, con 12.547 accidentes, seguido polo sector industrial, que rexistrou 7.282 accidentes (o 29,1%), e a construción, con 2.901 accidentes (o 11,6% dos accidentes en Galicia).

Os accidentes leves descendieron lixeiramente no último ano ata os 24.441, dos que o 45,9% acontecen no sector servizos. Esta redución prodúcese fundamentalmente na construción, con 227 accidentes con baixa menos, por diante da agricultura e os servizos, con 75 e 19 accidentes menos, respectivamente.

No que atinxe aos accidentes graves, no ano 2016 rexistráronse 496 accidentes, case cen máis que no ano anterior, dos que máis do 38,3% acontecen no sector servizos. En todos os sectores, agás no agrario, aumenta o número de accidentados, salientando os servizos con 61 accidentes máis e a pesca, con 22. Tras esta evolución, o sector servizos concentra o 38,3% dos accidentes graves (190 accidentes), situándose a continuación a industria, con case o 22% (108 accidentes).

Tal como se cita anteriormente, os accidentes mortais medraron en Galicia no ano 2016 nos sectores agrario e pesqueiro e nos servizos (dous máis en cada un deles), descendendo na industria e en maior medida no sector da construción (dous e cinco falecidos menos, respectivamente). En canto ao número de falecidos, salienta o sector servizos con 24 accidentes con resultado de morte, e a pesca e a industria, con 12 e 11 accidentes, respectivamente.

O índice de incidencia da sinistralidade laboral, que relaciona o número total de accidentes en xornada de traballo con baixa co número medio de afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta, acadou en Galicia os 3.119 accidentes por cada cen mil traballadores afiliados, cifra lixeiramente inferior á media estatal (3.274 accidentes). Tendo en conta que esta rateo mantense practicamente constante en relación ao ano anterior, o **cadro 2.2.15.** reflicte que en relación ao resto das CC.AA. Galicia sitúase como a quinta Comu-

Índices de incidencia dos accidentes de traballo nas CC.AA. 2015-16 ⁽¹⁾

	Accidentes con baixa		Accidentes mortais	
	2015	2016	2015	2016
Andalucía	3.555	3.684	3,6	3,7
Aragón	2.909	3.097	6,2	3,9
Asturias	3.643	3.460	4,9	2,4
Baleares	4.499	4.804	2,5	1,1
Canarias	3.560	3.631	2,6	2,1
Cantabria	2.920	2.963	4,2	2,9
Castela-A Mancha	3.822	4.069	4,7	5,3
Castela e León	3.042	3.199	3,9	4,1
Cataluña	3.044	3.176	2,6	2,5
C. Valenciana	2.853	2.950	3,6	2,9
Extremadura	3.499	3.512	4,8	4,0
Galicia	3.120	3.119	7,4	7,3
Madrid	2.630	2.722	2,6	2,1
Murcia	3.355	3.418	4,5	4,8
Navarra	3.125	3.376	3,7	2,7
País Vasco	3.304	3.417	2,7	4,0
A Rioxa	3.352	3.491	4,1	7,1
Ceuta	3.744	3.276	5,7	-
Melilla	2.752	3.257	-	-
Total	3.162	3.274	3,6	3,3

(1) Índice de incidencia: accidentes x 100.000 / afiliados a réximes da S.S. coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta

Índice de incidencia accidentes mortais: accidentes mortais x 100.000 / afiliados a réximes da S.S. coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

2.2.15.

nidade co menor índice, por detrás de Madrid, C. Valenciana, Cantabria e Aragón.

Segundo os datos do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, no ano 2016 A Coruña adianta a Ourense como a provincia co índice de incidencia de accidentes máis elevado, con 3.359,5 accidentes por cada cen mil afiliacións, seguida dos 3.339,8 accidentes de Ourense. En Pontevedra e Lugo estes índices acadan un valor de 3.040,5 e 2.847,3 accidentes por cada cen mil afiliacións, respectivamente.

Atendendo á súa distribución sectorial, o sector pesqueiro volve a rexistrar unha evolución contraria ao resto dos sectores, ao experimentar o índice de incidencia dos accidentes de traballo unha medra do 6,8% en relación ao ano anterior. No resto dos sectores descende este índice, salientando a actividade da construción, que a pesar de experimentar a caída máis acusada (-5,7%), mantense como o sector co valor máis alto, con 5.909,65 accidentes por cada cen mil afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta. Séguenlle en importancia a industria, que acada un índice de incidencia de 5.885,4 accidentes por cada cen mil afilia-

cións (-2,0%), e a pesca, con 5.702,3 accidentes. Por contra, os índices máis baixos rexistráronse novamente nos servizos e na agricultura, con 2.237,6 e 3.709,4 accidentes, respectivamente.

No caso dos accidentes mortais, Galicia rexistrou un total de 7,3 accidentes por cada cen mil afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta. En relación ao ano anterior, este rateo mantense practicamente estable en Galicia, o que a sitúa como a Comunidade Autónoma co índice de incidencia de accidentes mortais máis elevado do Estado, moi por encima do índice medio estatal (3,3 accidentes por cada cen mil afiliacións).

A evolución das baixas laborais derivadas de incapacidade temporal por continxencias comúns e profesionais, **cadro 2.2.17.**, mostra como o número medio de procesos iniciados en 2016 é novamente superior aos iniciados no ano anterior tanto no caso de baixas por continxencias profesionais, como no de continxencias comúns. Así mesmo, aumenta a incidencia media por cada mil traballadores protexidos en continxencias comúns manténdose constante a das continxencias profesionais.

Índices de incidencia dos accidentes de traballo con baixa 2015-16: distribución segundo sector

2015					
	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	3.271,75	3.391,34	2.995,25	3.519,42	3.145,17
Agricultura	3.916,82	3.629,69	3.985,84	4.826,98	3.843,55
Pesca	5.336,99	9.116,97	6.545,96	-	3.537,30
Industria	6.002,86	5.876,27	5.099,20	6.168,86	6.278,28
Construción	6.268,18	6.859,65	5.854,88	8.114,19	4.757,67
Servizos	2.286,97	2.445,68	2.096,77	2.343,16	2.122,30

2016					
	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	3.185,65	3.359,53	2.847,29	3.339,80	3.040,47
Agricultura	3.709,42	3.833,02	3.397,14	4.449,09	3.656,63
Pesca	5.702,32	9.858,61	6.477,73	-	3.816,28
Industria	5.885,40	6.039,95	4.674,17	6.049,96	5.957,09
Construción	5.909,67	6.458,44	5.692,18	7.045,33	4.701,38
Servizos	2.237,60	2.398,43	2.101,65	2.293,46	2.051,74

Fonte: Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, *Información estatística de siniestralidade laboral*

2.2.16.

Baixas laborais derivadas de incapacidade temporal nas CC.AA. 2015-16: continxencias comúns e profesionais

CONTINXENCIAS COMÚNS						
	Duración media dos procesos con alta		Incidencia media mensual por cada 1.000 traballadores protexidos		Número medio mensual de procesos iniciados	
	2015	2016	2015	2016	2015	2016
	(en días / ano)		(%)			
Galicia	61,60	61,92	15,20	16,09	11.708	12.735
A Coruña	59,94	57,72	15,55	17,02	5.240	5.844
Lugo	69,38	72,51	12,89	13,29	1.100	1.172
Ourense	59,10	62,50	14,33	14,74	1.099	1.175
Pontevedra	62,28	64,44	15,73	16,22	4.269	4.544
Total	37,80	38,46	20,51	21,54	298.924	326.757

CONTINXENCIAS PROFESIONAIS						
	Duración media dos procesos con alta		Incidencia media mensual por cada 1.000 traballadores protexidos		Número medio mensual de procesos iniciados	
	2015	2016	2015	2016	2015	2016
	(en días / ano)		(%)			
Galicia	48,09	51,00	3,36	3,37	2.631	2.718
A Coruña	47,52	50,26	3,31	3,32	1.141	1.166
Lugo	61,18	63,80	2,87	2,79	273	272
Ourense	45,45	48,64	3,36	3,20	265	261
Pontevedra	45,80	49,00	3,61	3,70	952	1.019
Total	36,02	36,71	3,31	3,42	47.564	51.149

Fonte: Secretaría de Estado de la Seguridad Social, *Incapacidad temporal*

2.2.17.

Enfermedades profesionales 2016: distribución segundo sexo e sectores de actividade ⁽¹⁾

Homes					
	Agricultura	Pesca	Industria	Construcción	Servizos
Total	14	18	440	80	141
Grupo I	-	-	16	3	6
Grupo II	10	18	286	57	105
Grupo III	-	-	-	-	8
Grupo IV	3	-	125	12	12
Grupo V	1	-	11	8	10
Grupo VI	-	-	2	-	-

Mulleres					
	Agricultura	Pesca	Industria	Construcción	Servizos
Total	10	2	248	-	420
Grupo I	-	-	2	-	11
Grupo II	5	1	220	-	290
Grupo III	2	-	-	-	54
Grupo IV	3	1	9	-	10
Grupo V	-	-	17	-	55
Grupo VI	-	-	-	-	-

(1) Grupo I: Enfermedades profesionales causadas por agentes químicos

Grupo II: Enfermedades profesionales causadas por agentes físicos

Grupo III: Enfermedades profesionales causadas por agentes biológicos

Grupo IV: Enfermedades profesionales causadas por inhalación de sustancias e agentes non comprendidos noutros apartados

Grupo V: Enfermedades profesionales da pel causadas por sustancias e agentes non comprendidos nalgún dos outros apartados

Grupo VI: Enfermedades profesionales causadas por agentes carcinógenos

Fonte: Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, *Información estatística das enfermidades profesionais*

2.2.18.

No último ano Galicia mantense como a Comunidade Autónoma coa duración media máis elevada de toda España no caso das devanditas baixas laborais derivadas de incapacidade temporal por continxencias profesionais. No concernente ás continxencias comúns, en 2016 Estremadura se sitúa como a C.A. con maior duración adiantando a Galicia.

Dunha banda, en 2016 a duración media no caso das continxencias comúns ascende ata 61,9 días ao ano fronte aos 61,6 días do ano anterior. No conxunto do Estado a duración media das nomeadas baixas é de 38,5 días, en torno aos 23,5 días menos que en Galicia. Doutra banda, no que respecta ás continxencias profesionais a duración media dos procesos tamén aumenta no último ano, pasando de 48,1 días no ano 2015 a 51 días en 2016. Galicia continúa como a Comunidade Autónoma con duración media dos procesos con alta no período máis elevada, superando á media estatal en máis de 14 días.

Finalmente, cómpre facer referencia ás enfermidades profesionais, entendidas como as contraídas a conse-

cuencia do traballo executado por conta allea nas actividades que se especifiquen no cadro que se aprobe polas disposicións de aplicación e que veña provocada pola acción dos elementos ou substancias que en dito cadro se indiquen para cada enfermidade profesional.

O **cadro 2.2.18.** mostra as enfermidades profesionais por grupos e sectores de actividade no ano 2015 en Galicia. Así, dun total de 1.373 casos rexistrados, 815 cursaron baixa laboral, sendo o sector industrial, con 688, seguido do sector servizos, con 561, as ramas de actividade onde máis casos se rexistran. O sector industrial segue sendo o que presenta máis casos de enfermidades profesionais que causan baixa laboral, con 399 casos dos devanditos 815, mentres que no caso do sector servizos as enfermidades profesionais que causaron baixa foron 337.

Políticas de formación para o emprego

As políticas activas de emprego, a partir do ano 2013, artéllanse en base a nova Estratexia Española de Activación para o Emprego 2014-2016 (Real decreto

Accións formativas para o emprego 2015 ⁽¹⁾

	Accións formativas		Alumnos		Orzamentos	
		(%)		(%)	(en euros)	(%)
Total	940	100	21.779	100	28.528.401	100
Dirixidas prioritariamente a persoas desempregadas	476	50,6	7.137	32,8	22.060.059	77,3
Programación de convenios de colaboración	1	0,1	15	0,1	64.368	0,2
Programas sen compromiso de contratación (ordinaria)	475	50,5	7.122	32,7	21.995.691	77,1
A Coruña	155	16,5	2.325	10,7	6.821.804	23,9
Lugo	84	8,9	1.257	5,8	3.990.971	14,0
Ourense	96	10,2	1.440	6,6	4.399.913	15,4
Pontevedra	140	14,9	2.100	9,6	6.783.003	23,8
Dirixidas prioritariamente a persoas ocupadas	464	49,4	14.642	67,2	6.468.342	22,7
Autónomos	20	2,1	438	2,0	186.960	0,7
Plans específicos	103	11,0	1.545	7,1	1.132.110	4,0
Plans de formación intersectoriais	321	34,1	12.181	55,9	4.989.658	17,5
Plan de economía social	20	2,1	478	2,2	159.614	0,6
A Coruña	317	33,7	10.103	46,4	4.838.319	17,0
Lugo	15	1,6	225	1,0	179.890	0,6
Ourense	5	0,5	75	0,3	41.850	0,1
Pontevedra	127	13,5	4.239	19,5	1.408.283	4,9

(1) formación profesional para o emprego dirixida prioritariamente a persoas desempregadas e ocupadas

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria

2.2.19.

751/2014 de 5 de setembro), que ten como finalidade última a coordinación e a identificación e canalización ordenada dos recursos. Para atender este obxectivo global, a Estratexia conta con obxectivos específicos que se recollen nos Plans Anuais de Políticas de emprego.

O Plan Anual de Políticas de Emprego 2016 artella os seus programas en torno a seis eixes: orientación; formación; oportunidades de emprego; igualdade de oportunidades de acceso ao emprego; emprendemento e mellora do Marco Institucional do Sistema Nacional de Emprego. O total de fondos repartidos en 2016 ascende a 5.265 millóns de euros, 477 millóns máis que no ano anterior, dos que o 92% diríxense aos eixes de formación, orientación e oportunidades de emprego.

No concernente aos plans de formación para o emprego, dirixidos prioritariamente a traballadores ocupados, considéranse áreas prioritarias, entre outras, as relacionadas coa dixitalización e as tecnoloxías de comunicación, a internacionalización das empresas, o emprendemento, e a eficiencia enerxética. Os obxectivos do Plan son os de mellorar a empregabilidade dos

traballadores e impulsar a competitividade das empresas nun contexto de recuperación económica.

Formación profesional para o emprego

O 9 de setembro de 2015, apróbase a Lei 30/2015, pola que se regula o Sistema de Formación Profesional para o emprego no ámbito laboral, que ten por obxecto a planificación e financiación do sistema, a programación e execución das accións formativas, o control e o seguimento.

O sistema de formación profesional para o emprego regulado en esta lei dará cobertura a empresas e traballadores de calquera parte do territorio do Estado español. No Capítulo III da dita lei 30/2015, establécense as modalidades de formación profesional para o emprego, en particular:

1. A formación programadas polas empresas para os seus traballadores.
2. A oferta formativa das administracións competentes para os traballadores ocupados, constituída polos programas de formación sectoriais e os programas de formación transversais, así como

Cursos do Plan AFD 2015: distribución sectorial

	Cursos		Alumnos		Orzamentos	
		(%)		(%)	(euros)	(%)
Total	475	100	7.122	100	21.995.691,00	100
Actividades Físicas e Deportivas	5	1,1	75	1,1	154.590,00	0,7
Administración e Xestión	127	26,7	1.905	26,7	5.846.492,25	26,6
Agraria	10	2,1	150	2,1	392.304,00	1,8
Artes e Artesanías	1	0,2	15	0,2	60.648,00	0,3
Artes Gráficas	2	0,4	30	0,4	118.836,00	0,5
Comercio e Marketing	39	8,2	585	8,2	2.070.442,50	9,4
Edificación e Obra Civil	19	4,0	285	4,0	981.133,50	4,5
Electricidade e Electrónica	7	1,5	105	1,5	284.403,00	1,3
Enerxía e Auga	9	1,9	135	1,9	509.299,50	2,3
Fabricación Mecánica	9	1,9	135	1,9	617.041,50	2,8
Hostelería e Turismo	28	5,9	420	5,9	1.156.234,50	5,3
Imaxe e Son	2	0,4	30	0,4	147.528,00	0,7
Imaxe Persoal	12	2,5	180	2,5	656.242,50	3,0
Industrias Alimentarias	1	0,2	15	0,2	76.932,00	0,3
Industrias Extractivas	1	0,2	15	0,2	73.795,50	0,3
Informática e Comunicacions	42	8,8	630	8,8	2.598.284,25	11,8
Instalación e Mantemento	7	1,5	105	1,5	315.763,50	1,4
Madeira, Moble e Corcho	11	2,3	165	2,3	489.915,00	2,2
Sanidade	7	1,5	105	1,5	533.828,25	2,4
Seguridade e Medioambiente	7	1,5	105	1,5	293.742,75	1,3
Servizos Socioculturais e á Comunidade	109	22,9	1.632	22,9	3.764.388,00	17,1
Transporte e Mantemento de Vehículos	20	4,2	300	4,2	853.846,50	3,9

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria

2.2.20.

os programas de cualificación e recoñecemento profesional

3. A oferta formativa das administracións competentes para traballadores desempregados, que inclúe os programas de formación dirixidos a cubrir as necesidades detectadas polos servizos públicos de emprego, os programas específicos de formación e os programas formativos con compromisos de contratación

4. Outras iniciativas de formación profesional para o emprego

No que respecta ás accións formativas realizadas no ano 2015 dentro do ámbito da formación profesional para persoas empregadas e desempregadas, convocáronse 940 cursos, cunha capacidade de 21.779 alumnos e un orzamento de 28,5 millóns de euros, concentrado fundamentalmente, nas accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas desempregadas.

En concreto, no que atinxe á formación profesional dirixida prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas (AFD), que é unha política activa de emprego

que ofrece cursos de formación gratuítos para persoas traballadoras desempregadas co obxecto de dotalos de cualificación e facilitar a súa integración no mercado laboral, no último ano programáronse un total de 476 accións, cun orzamento total de 22 millóns de euros, aos que asistiron 7.137 persoas.

As principais accións formativas corresponden ás actividades de “Administración e xestión”, con 127 accións e 1.905 alumnos, “Servizos Socioculturais e á Comunidade”, con 109 cursos e 1.632 alumnos, e “Informática e comunicacións”, con 42 accións formativas e 630 alumnos. En conxunto, estas tres accións acollen en torno ao 58% dos cursos, alumnos e orzamento (**cadro 2.2.20.**).

Con cargo ao orzamento do plan AFD impartíronse, na programación do ano 2015, un total de 215 cursos de formación profesional para o emprego en centros de titularidade da Xunta de Galicia, por un importe de 7,6 millóns de euros, participando nestes cursos un total de 3.397 alumnos. Estes cursos prográmanse principalmente nas provincias de Pontevedra e A Coruña, des-

Cursos do Plan AFD 2015 en centros propios: distribución provincial e sectorial

	Cursos	Alumnos	Orzamentos (en euros)
Total			
A Coruña	71	1.065	2.915.814
Lugo	25	375	1.166.372
Ourense	34	510	1.449.107
Pontevedra	85	1.447	2.035.709
Distribución sectorial			
Actividades Físicas e Deportivas	2	30	53.685,0
Administración e Xestión	6	90	283.973,2
Agraria	18	270	557.450,2
Artes Gráficas	2	30	62.015,9
Comercio e Marketing	5	75	136.906,6
Edificación e Obra Civil	6	90	277.047,1
Electricidade e Electrónica	15	225	820.927,5
Enerxía e Auga	7	105	398.542,1
Fabricación Mecánica	17	255	1.071.916,1
Hostelería e Turismo	15	225	544.074,3
Imaxe e Son	1	15	43.283,5
Imaxe Persoal	6	90	185.991,5
Industrias Alimentarias	4	60	136.490,8
Informática e Comunicacions	12	180	638.018,8
Instalación e Mantemento	18	270	930.546,4
Madeira, Moble e Corcho	14	210	373.659,3
Marítimo Pesqueira	44	832	48.195,0
Sanidade	1	15	54.367,7
Seguridade e Medioambiente	3	45	132.129,0
Servizos Socioculturais e á Comunidade	5	75	128.779,1
Transporte e Mantemento de Vehículos	14	210	689.001,7

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria

2.2.21.

tacando a redución dos recursos orzamentarios destinados a estas accións en centros propios no último ano.

Atendendo á distribución sectorial da programación destes cursos, dos datos do **cadro 2.2.21.** despréndese que as actividades máis importantes, en canto á súa dotación orzamentaria, son as de “Fabricación mecánica” “Instalación e Mantemento” e “Electricidade e Electrónica”, que concentran o 37% do orzamento total.

No que respecta á formación profesional dirixida prioritariamente a persoas ocupadas, esta ten por finalidade dotar aos beneficiarios da cualificación que poidan necesitar ao longo da súa vida laboral, co fin de que obteñan os coñecementos e prácticas axeitados aos requirimentos que en cada momento precisen as empresas, e permita compatibilizar a súa maior competitividade coa mellora da capacitación profesional e

promoción individual do traballador. No ano 2015 realizáronse 361 accións formativas intersectoriais e 103 accións de formación específicas nun total de 25 plans que acolleron 38 entidades. Os seus orzamentos para o ano 2015 mantivéronse practicamente estables en torno aos 5 e 1 millóns de euros, respectivamente (**cadro 2.2.22.**).

Promoción do emprego

Dento do marco das políticas de promoción do emprego inclúense actuacións de fomento do emprego e da estabilidade laboral, de fomento do emprego autónomo e de integración laboral das persoas con discapacidade e/ou risco de exclusión social (**cadro 2.2.23.**).

No que respecta as actuacións de fomento de emprego e da estabilidade laboral, prográmase actuacións de fomento da contratación indefinida e temporal. Os beneficiarios dos programas de fomento da contratación

Plans de formación para persoas ocupadas 2015

	Entidades	Plans	Accións formativas	Orzamento
				(en millóns de euros)
Plans de formación específicos	24	4	103	1,13
Plans de formación intersectoriais	14	21	361	4,96
Autónomos	4	5	20	0,19
Intersectorial	4	9	321	4,99
Economía Social	6	7	20	0,16

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria

2.2.22.

Actuacións para o fomento do emprego e estabilidade laboral 2015: distribución segundo sexo e idade

Procedemento	Beneficiarios	Homes	Mulleres	< 30 anos	31-44 anos	> 45 anos
Fomento do emprego e da estabilidade laboral	551	337	214	443	65	43
Fomento da contratación indefinida	220	90	130	122	61	37
Fomento da contratación temporal	331	247	84	321	4	6
Fomento do autoemprego e do traballo autónomo	3.600	1.515	2.085	1.295	1.586	719
Promoción do emprego autónomo	3.600	1.515	2.085	1.295	1.586	719
Integración laboral persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social	2.710	1.687	1.023	308	1.240	1.162
Creación de centros especiais de emprego	45	31	14	8	19	18
Mantemento de centros especiais de emprego	1.940	1.213	727	156	890	894
Unidades de apoio	280	182	98	42	144	94
Contratación de persoas discapacitadas en empresas ordinarias	353	200	153	60	147	146
Emprego con apoio no mercado ordinario	71	43	28	34	32	5
Incentivos ás empresas de inserción laboral (EIL)	21	18	3	8	8	5
Total	6.861	3.539	3.322	2.046	2.891	1.924

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

2.2.23.

indefinida no ano 2015 foron 220 persoas, das que 122 tiñan menos de 30 anos, e os actuacións de fomento da contratación temporal foron 331, dos 321 eran menores de 30 anos.

No ano 2015 en Galicia beneficiáronse 3.600 persoas dos programas de emprego autónomo, persoas maioritariamente maiores de 30 anos, en concreto 1.240 persoas de 31 a 44 anos e 1.162 beneficiarios maiores de 45 anos.

Finalmente, no que respecta ás actuación de integración laboral de persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social, dos 2.710 beneficiarios totais destas actuacións en Galicia no ano 2015, máis do 70% están integrados dentro das actuacións de mantemento de centros especiais de emprego. □

